



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

Por DECRETO DE ALCALDÍA nº 2025-0669, de data 03/11/2025, aprobáronse as bases polas que se regula o proceso selectivo para a constitución dunha bolsa de emprego para dar cobertura ao posto de Monitor de ocio e tempo libre do Centro de Servizos Sociais do Concello de Becerreá, de data 03/11/2025.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, no prazo de CINCO (5) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases completas publicaranse no taboleiro de anuncios aloxado na sede electrónica do Concello: <https://concellodebecerreia.sedelectronica.gal/info.0>

Becerreá, 3 de novembro de 2025.- O alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 3066

BURELA

Anuncio

EXP. 2218/2025. MODIFICACIÓN DO DECRETO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

En cumprimento do sinalado no artigo 44 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dase publicidade ao Decreto da Alcaldía do Concello de Burela 2025-1186 de 30 de outubro de 2025 polo que se modifican as atribucións da Xunta do Goberno Local e se refunden os Decretos de Alcaldía 2023-0546, de 26 de xuño de 2023; 2024-0019, de 11 de xaneiro de 2024; 2025-0240, de 12 de marzo de 2025 e 2025-1186, de 30 de outubro:

"Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:

A) EN MATERIA DE URBANISMO E LICENCIAS:

1.- A resolución sobre a aprobación ou non, dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

2.- As resolucións relativas aos expedientes urbanísticos de licencias de parcelación, edificación, demolición e demais actos de uso de solo e subsolo, incluídas as licencias de primeira ocupación das edificacións de acordo co previsto na Lei do Solo de Galicia.

3.- A resolución dos expedientes suxeitos á licenza municipal de acordo co previsto na Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

4.- A aprobación urbanística de memorias, proxectos de obras e demais necesarios para a execución das obras municipais, agás plans de seguridade e saúde e programas de traballo, cando o valor estimado aos efectos da súa contratación exceda do umbral previsto para os contratos menores de obras da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

5.- A resolución dos expedientes relativos a concesión das seguintes licencias ou autorizacións de ocupación do dominio público: vados e terrazas.

B) EN MATERIA CONTRACTUAL E PATRIMONIAL:

- As competencias atribuídas á Alcaldía pola normativa en materia contractual (DA 2ª LCSP) respecto dos contratos de obras, de suministro, de servizos, os contratos de concesión de obras, os contratos de concesión de servizos e os contratos administrativos especiais, cando o seu valor estimado supere o 5% e non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a cuantía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercizo, nin a cuantía sinalada.

- Adxudicación de concesións sobre bens municipais e a adquisición de bens e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial, cando o seu valor supere o 5% e non supere o 10% dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como a enaxenación do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a cuantía indicadas.

- A aprobación dos negocios xurídicos, típicos ou atípicos, de explotación dos bens e dereitos patrimoniais cando sexan competencia da Alcaldía.

C) EN MATERIA ECONÓMICO FINANCIERA:

1.- Aprobación de bases específicas reguladoras de concesión de subvencións en réxime de concorrència e dos convenios de colaboración no caso de subvencións nominativas, a concesión de subvencións e a aprobación das contas xustificativas presentadas.

2.- Autorización de pagamentos coa modalidade de “a xustificar” de conformidade coa normativa aplicable.

Aprobación, no seu caso, das contas xustificativas presentadas.

3.- Acordos relativos a cancelación de avais ou devolución de avais ou fianzas constituídas ou ingresadas a favor do Concello.

4.- Aprobación de padróns, matrículas e listas cobratorias de impostos municipais, taxas e prezos públicos.

5.- Aprobación de liquidacións de impostos municipais, taxas e prezos públicos que teñan a súa orixe en expedientes dos que a competencia corresponda á Xunta de Goberno Local

6.- Concesións de aprazamento e fraccionamento para o pago das débedas tributarias

7.- Resolución de expedientes de devolución de ingresos.

E) EN MATERIA DE PERSOAL:

1.- Aprobar a oferta de emprego público de acordo co Orzamento.

F) NOUTRAS MATERIAS:

1.- Resolución dos expedientes de responsabilidade patrimonial incoados contra o Concello.”

Burela, 30 de outubro de 2025.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 3039

O INCIO**Anuncio**

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 31 de outubro de 2025, acordou a aprobación provisional da Modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto de Bens Inmóbles do Concello de O Incio (Lugo).

En cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de TRINTA (30) DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Considerarase definitivamente adoptado o acordo no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado.

O Incio, 31 de outubro de 2025.- O alcalde, D. Héctor M. Corujo González.

R. 3040

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 31 de outubro de 2025, acordou a aprobación provisional da Modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto da Taxa polo subministro de auga do Concello de O Incio (Lugo).

En cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de TRINTA (30) DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Considerarase definitivamente adoptado o acordo no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado.

O Incio, 31 de outubro de 2025.- O alcalde, D. Héctor M. Corujo González.

R. 3041

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 31 de outubro de 2025, acordou a aprobación provisional da Modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto da Taxa de saneamento e rede de sumidoiros do Concello de O Incio (Lugo).

En cumprimento do disposto no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, sométese o expediente a información pública polo prazo de TRINTA (30) DÍAS HÁBILES, a contar dende o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Considerarase definitivamente adoptado o acordo no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente no prazo anteriormente indicado.

O Incio, 31 de outubro de 2025.- O alcalde, D. Héctor M. Corujo González.

R. 3042

LUGO*Anuncio*

Por medio do presente faise público que a Xunta de Goberno Local, por acordo núm. 9/436, de 29/10/2025, ACORDOU:

PRIMEIRO: A aprobación das “BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DA SECCIÓN DE DEPORTES DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA PERSOAS CON TALENTO DEPORTIVO-EXERCICIO 2025”, en virtude das seguintes cláusulas:

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten por obxecto regular para o exercicio 2025 a concesión de bolsas de axudas económicas en réxime de concorrência competitiva, para deportistas individuais con talento que ao longo da tempada 2024 destacaran pola súa participación en eventos deportivos con resultados relevantes, a nivel autonómico ou nacional, co fin de apoiar a promoción, práctica e mellora do rendemento deportivo nas respectivas modalidades, así como a valoración do esforzo académico, de conformidade co disposto na Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/07, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Excmo. Concello de Lugo.

SEGUNDA.- CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

Esta convocatoria conta con crédito orzamentario de **26.000,00 euros**, e convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48100.

TERCEIRA.- REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Poderán ser beneficiarios das bolsas de axudas da presente convocatoria as persoas físicas que sexan deportistas federados, de calquera categoría dentro das modalidades deportivas individuais.

Os solicitantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1.- Ser deportista afeccionado/a, nado/a entre 2006 e 2011, inclusive (exceptuando deportistas con discapacidade para os/as que non haberá límite de idade).
- 2.- Estar federado/a no período 2024 e manter na data de presentación da solicitude licenza federativa oficial na disciplina ou modalidade para a que se solicita a axuda, nun club do Concello de Lugo. Excepcionalmente, admitiranse as solicitudes de deportistas que non estén de alta en ningún Club do Concello de Lugo, sempre e cando non exista deporte ou nivel na disciplina deportiva neste Concello. **Neste caso, deberá aportarse obrigatoriamente unha certificación da Federación correspondente que acredite expresamente que no ano 2024 non existiu ningún Club no Concello de Lugo que practicase a disciplina deportiva en dito deporte ou nivel polo que se opta á axuda.**
- 3.- Estar empadroadado/a no Concello de Lugo dentro do prazo de presentación de solicitudes e como mínimo con alta no padrón municipal dende o 01 de xaneiro de 2024.
- 4.- Ter acreditados resultados deportivos para valorar referidos á tempada 2024. Dado que as distintas modalidades deportivas teñen un calendario de competicións diferentes, aos efectos da presente convocatoria, establécese como tempada o período que vai dende o 1 de xaneiro de 2024 ata o 31 de decembro de 2024 ambos inclusive.
- 5.- **Carecer de rendas superiores ao Salario Mínimo Interprofesional en vigor no momento da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.**
- 6.- Estar ao corrente nas obrigas tributarias coa facenda estatal e local, así como estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social.
- 7.- Non estar incurso/a en prohibición para obter a condición de beneficiario/a das subvencións de conformidade co artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

CUARTA.- MÉRITOS DEPORTIVOS A VALORAR:

Para poder ser beneficiario da bolsa regulada nesta convocatoria, deberase acreditar mediante o correspondente certificado da Federación, a consecución **dun só dos seguintes postos ou resultados deportivos individuais segundo a táboa de criterios que figura na CLÁUSULA QUINTA** destas bases, durante o exercicio 2024 e referidos á disciplina ou modalidade deportiva para a que solicita a axuda, e que deberá estar recollido no calendario da propia Federación como tal (Campionato de España ou Campionato Galego):

- Campionato de España: Do 1º ao 8º posto (ambos inclusive).
- Campionato de Galicia: Do 1º ao 3º posto (ambos inclusive).

O resultado que conste no certificado será exclusivamente de probas consideradas oficialmente “Campionato de España” ou “Campionato Galego” (non fases, resultados parciais de probas combinadas, ligas, etc.) e sempre que non exista un Campionato superior nesa categoría.

O Certificado da Federación deberá conter **obrigatoriamente** a información prevista no apartado 2.c) da CLÁUSULA SEXTA. A estos efectos poderase presentar debidamente cuberto e asinado pola Federación correspondente, o Anexo III previsto nestas bases.

QUINTA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN E DISTRIBUCIÓN DA BOLSA

Os criterios de valoración serán os seguintes:

1. Por estar clasificado/a no Campionato de España, os seguintes puntos:

1º POSTO	6 PUNTOS
2º POSTO	5 PUNTOS
3º POSTO	4 PUNTOS
4º POSTO	3 PUNTOS
5º POSTO	2,5 PUNTOS
6º POSTO	2 PUNTOS
7º POSTO	1,5 PUNTOS
8º POSTO	1 PUNTO

2. Por estar clasificado/a no Campionato Galego, os seguintes puntos:

1º POSTO	3 PUNTOS
2º POSTO	2 PUNTOS
3º POSTO	1 PUNTO

3. Calquera dos anteriores, sendo ademais deportista feminina: 0,5 puntos.

4. Calquera dos anteriores, sendo ademais persoa con discapacidade: 0,5 puntos.

5. Calquera dos anteriores, e ademais superación do curso académico do ano 2024 (**curso 2023/2024**): 0,5 puntos.

Nos criterios de valoración dos apartados 1 e 2 (puntuación relativa aos Campionatos de España e Galego) só se puntuará un único resultado individual.

Unha vez valoradas todas as solicitudes, o valor do punto será o resultante de dividir o total do crédito orzamentario de que dispoñemos para esta convocatoria (**26.000,00 €**) entre a suma total dos puntos acadados por todos os deportistas.

A cuantía da axuda individual será a resultante de multiplicar o valor punto obtido polo puntos adxudicados a cada deportista.

O límite máximo da axuda individual para cada deportista non poderá superar o importe de 1.500,00 €

SEXTA.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.- As solicitudes (segundo modelo oficial que figura no ANEXO I) presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos na Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de **10 DÍAS HÁBILES**, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP. O seu texto íntegro publicarase no boletín oficial da provincia (BOP) e na paxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), debendo inserirse asimesmo no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo (Sede Electrónica <https://lugo.gal>), se ben a publicación **do extracto na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)** será a data que se terá en conta para os efectos de presentación de solicitudes. Ditas solicitudes acompañaranse dos documentos e informacións que se sinalan no apartado 2 desta cláusula, agás que xa estivesen en poder do Concello, facendo constar neste caso a data e dependencia ou órgano ante o que se presentaron, e non poderán ter transcorridos máis de cinco anos dende a finalización do procedemento ao que correspondan. Cada deportista só poderá presentar unha única solicitude e optar a unha única bolsa, independentemente do número de modalidades deportivas que practique.

2.- A persoa interesada deberá acompañar á solicitude a seguinte documentación:

a. Fotocopia do DNI da persoa solicitante é, de ser o caso, do representante legal e documento que acredite a representación (no caso de ser menor de idade deberán achegar ademais copia do Libro de familia e do DNI do pai/nai/titor legal e asinar todos os Anexos xunto ao solicitante).

b. No caso de persoas con discapacidade, acreditación expedida polo Organismo competente **vixente** no momento da presentación da solicitude.

c. Certificación expedida pola respectiva Federación, que deberá conter **obrigatoriamente** a seguinte información:

- Nome, apelidos e DNI do deportista.
- Que o deportista estivo en posesión, no ano 2024 e ata a actualidade, de licenza federativa oficial.
- Que o deportista pertenceu no ano 2024 e ata a actualidade, a un Club do Concello de Lugo (especificar nome do Club). No caso de deportistas que non estén de alta en ningún Club do Concello de Lugo, sempre e cando non exista disciplina deportiva nese deporte ou nivel neste Concello, deberá acreditar expresamente a Federación que no ano 2024 non existiu ningún Club no Concello de Lugo que practicase a disciplina deportiva de este deporte ou nivel pola que se opta á axuda.
- No caso de deportistas con discapacidade, que compite na modalidade de discapacidade.
- Que o deportista non está cumprindo sanción firme por infracción en materia deportiva.
- Resultado deportivo a valorar, tendo en conta os criterios e puntuacións establecidos na cláusula quinta destas bases.
- Que o resultado que consta no certificado é exclusivamente de probas consideradas oficialmente “Campionato de España” ou “Campionato Galego” (non fases, resultados parciais de probas combinadas, resultados de probas clasificatorias, ligas **ou calquer outro que non sexa considerado e denominado CAMPIONATO DE ESPAÑA OU GALEGO**, e que non existe un Campionato superior nesa categoría.

- Datos da persoa asinante do certificado.

A estos efectos poderán presentar debidamente cuberto e asinado pola respectiva Federación, o Anexo III previsto nestas bases.

No caso de discrepancia entre os datos que consten no certificado da Federación e os aportados polo solicitante no apartado de “Datos deportivos” do Anexo I, terase en conta o resultado que conste no certificado da Federación.

d. Acreditación da superación do curso académico (**ano 2024; curso 2023/2024**).

e. Declaración xurada da existencia ou non doutras axudas solicitadas ou concedidas por ésta ou por outras Administracións. No caso de existir, indicárase a Entidade e contía (ANEXO II).

f. Declaración responsable de non atoparse inhabilitado/a ou estar incurso/a en prohibición para acceder á condición de beneficiario/a de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. (ANEXO II).

g. Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, incluíndo as municipais e fronte á Seguridade Social (ANEXO II).

h. No caso de deportistas de idade igual ou superior aos 16 anos, certificado da declaración do Imposto sobre a Renda de Persoas Físicas do último exercicio ou, no caso de non realizar dita declaración, certificado do nivel de renda do último exercicio. Poderanse solicitar a través da Sede Electrónica da Axencia Tributaria no enlace <https://sede.agenciatributaria.gob.es/Sede/procedimientoini/G306.shtml>

i. Certificado bancario **actualizado** do número de conta da persoa beneficiaria, no que figurará o deportista solicitante como titular.

Toda a documentación deberá presentarse en formato PDF. Non se admitirán documentos en arquivo de imágen (“xpg” ou similar), os cales se terán por “non presentados”.

A solicitude e demais Anexos a presentar figurará a disposición dos interesados no seguinte enlace: <https://concellodelugo.gal/gl/tramites/subvencions-para-persoas-con-talento-deportivo>. Deberase comprobar previamente que os documentos que figuran na páxina mencionada se corresponden coa anualidade para a que se convocan estas bolsas.

SÉTIMA.- AVALIACIÓN DAS SOLICITUDES

Presentadas as solicitudes, e se do exame da solicitude e documentación aportada se deducise que esta está incompleta ou defectuosa, dende a unidade administrativa xestora requiriráselle á persoa interesada para que, no prazo de **DEZ DÍAS HÁBILES**, achegue os documentos preceptivos ou emende a falla, con indicación de que se así non o fixese se lle terá por desistida a súa petición, tras resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

A non presentación da documentación precisa ou a omisión de datos de xeito total ou parcial terá como consecuencia a non valoración dos méritos dentro dos criterios establecidos que non estean suficientemente xustificadas.

Dado o carácter competitivo do procedemento, ADVÉRTESE EXPRESAMENTE que en ningún caso se concederá prazo para a subsanación e mellora da documentación valorable e puntuable, **en concreto o certificado federativo, a superación do curso académico 2023/2024 e a documentación acreditativa de discapacidade no seu caso**; a non acreditación dos criterios para outorgar os puntos establecidos na cláusula quinta “criterios de valoración e distribución da bolsa” implicará a asignación de 0 puntos no respectivo criterio puntuable.

OITAVA.- INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO.

O procedemento para a concesión das bolsas previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 28, 29 e 30 da Ordenanza municipal de subvencións coas seguintes precisións:

Unha vez que a documentación estea completa, o órgano instrutor, un/unha técnico/a competente do Servizo Municipal de Deportes ou, no seu defecto, a Vicesecretaría, emitirá un informe proposta acerca do cumprimento ou non dos requisitos establecidos nesta convocatoria.

A Comisión de Valoración, constituída para o efecto, terá a seguinte composición:

- Presidente: un/unha funcionario/a ou persoal laboral del Excmo. Concello de Lugo que se designe para estes efectos.
- Vogais: un/unha funcionario/a ou persoal laboral del Excmo. Concello de Lugo que se designe para estes efectos.
- Secretario/a: un/unha funcionario/a ou persoal laboral del Excmo. Concello de Lugo que se designe para estes efectos.

Excepcionalmente, o posto de secretaria/o e vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DE GASTOS. DATA LÍMITE.

Conforme ao disposto nos artigos 2.1 b) e 30.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, estas **BOLSAS DE AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA PERSOAS CON TALENTO DEPORTIVO-EXERCICIO 2023** condiciónanse á circunstancia de que ditas persoas, aos efectos desta subvención, acrediten o seu talento deportivo co cumprimento dos requisitos establecidos na base **TERCEIRA** mediante a entrega da documentación esixida nas mesmas, non sendo necesario polo tanto a presentación de conta xustificativa de gastos.

DÉCIMA.- ÓRGANO COMPETENTE PARA RESOLVER.

O órgano competente para resolver o procedemento é a/o Tenente de Alcaldesa delegada/o de Área e a/o Concelleira/o delegada/o conforme delegación de competencias por Acordo da Xunta de Goberno Local 40/607, de data 26/07/2023, modificado por Acordo 1/284 de data 19/06/2024. A resolución, ademais de conter o nome do solicitante da bolsa ou relación de solicitantes aos que se concede a axuda, fará constar, se é o caso, de xeito expreso a desestimación do resto das solicitudes.

UNDÉCIMA.- RESOLUCIÓN, PUBLICIDADE E RECURSOS

Con carácter previo á resolución definitiva publicarase unha listaxe provisional de adxudicatarias/os no taboleiro de anuncios do Concello (lugo.gal/portal/tablonanuncios), concedendo un **PAZO DE 5 DÍAS HÁBILES** para que as/os interesadas/os poderán realizar as alegacións que consideren oportunas.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao do remate do prazo para presentación de instancias. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada, sen perxuízo da obriga legal de resolver expresamente conforme ao disposto nos artigos 21 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

A aceptación da axuda concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a resolución do procedemento non será obxecto de notificación individualizada aos afectados, senón que será obxecto de publicación no BOP surtindo esta os efectos da notificación, sen perxuízo da obriga de publicación a través da Bases de Datos Nacional de Subvencións no seu caso e no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo (Sede Electrónica <https://lugo.gal>).

A resolución definitiva porá fin á vía administrativa e contra ela os/as interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano no prazo dun mes desde a notificación, ou ben alternativamente recurso contencioso-administrativo, diante do Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses, contados dese o día seguinte á referida notificación.

DUODÉCIMA.- PAGAMENTO DAS BOLSAS

O pagamento das bolsas farase nun único pagamento previa proposta efectuada polo concelleiro-delegado da Área de Deportes e tras un informe do xefe de servizo de Deportes da Área de Deportes, no que se fará constar a existencia e custodia dentro da Unidade Administrativa, da documentación requirida aos solicitantes.

Non haberá posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta da bolsa concedida.

DÉCIMO TERCEIRA.- RENUNCIA, REVOGACIÓN E REINTEGRO DE CANTIDADES.

A renuncia á bolsa por parte do beneficiario/a, unha vez iniciado o goce desta, deberalle ser comunicada mediante o correspondente escrito ao/á Alcalde/Alcaldesa-Presidente/a do Concello de Lugo. A renuncia dará lugar á devolución das cantidades percibidas e así mesmo á esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da bolsa ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

A adxudicación das bolsas será igualmente revisada no caso de que se comprobase que na súa concesión concorreu ocultación, falsidade de datos, ou que existen incompatibilidades con outros beneficios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas de conformidade co establecido no artigo 36 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A solicitude das bolsas implica o coñecemento e aceptación do disposto nestas bases.

DÉCIMO CUARTA.- COMPATIBILIDADE

As axudas que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin.



Concello de Lugo

ANEXO I: SOLICITUDE DE BOLSAS DE AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA PERSOAS CON TALENTO DEPORTIVO - AÑO 2025

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME e APELIDOS:		NIF/NIE:	DATA DE NACEMENTO:
ENDEREZO:			CONCELLO:
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
☐ Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.			

ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

CANLE PREFERENTE DE NOTIFICACIÓN: ☐ Notificación Telemática ☐ Notificación postal (só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada)			
ENDEREZO POSTAL			
CONCELLO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	ENDEREZO NOTIFICACION TELEMATICA

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no caso de persoas con discapacidade ou menores de idade)

NOME E APELIDOS:		NIF/NIE:	DATA DE NACEMENTO:
ENDEREZO:			CONCELLO:
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:		

DATOS DEPORTIVOS (referidos ao ano 2023):

DISCIPLINA/MODALIDADE DEPORTIVA:	
POSTO ACADADO A VALORAR:	☐ 1º ☐ 2º ☐ 3º ☐ 4º ☐ 5º ☐ 6º ☐ 7º ☐ 8º
CAMPIONADO NO QUE OBTIVO O POSTO:	☐ ESPAÑA ☐ GALICIA
DEPORTISTA FEMININA:	☐ SI ☐ NON
DEPORTISTA CON DIVERSIDADE FUNCIONAL:	☐ SI ☐ NON
SUPERACIÓN CURSO ACADÉMICO:	☐ SI ☐ NON

Autorizo ao Concello de Lugo, a comprobar de oficio a circunstancia de estar empadroada/o no Concello de Lugo. No caso de que o beneficiario da axuda sexa menor de idade, o pai/nai/titor que asina a solicitude é quen ostenta a súa garda e custodia, e outorga consentimento expreso para o acceso aos datos padroais, a teor do disposto no artigo 8 da Resolución do 17 de febreiro de 2020, da Presidencia do INE e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, pola que se dictan instrucións técnicas aos Concellos sobre a xestión do padrón municipal.

Autorizo, expresamente, ao Concello de Lugo a comprobar das diferentes administracións públicas ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.

Que de resultar persoa beneficiaria acepto as obrigas sinaladas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións.

Lugo, _____ de _____ de _____

Asdo: D./Dña. _____

(sinatura da persoa solicitante ou representante)

NOTA: verifique a documentación que deberá presentar con esta solicitude, segundo os modelos definidos na convocatoria.

Documentación a presentar xunto coa solicitude:

- a. Fotocopia do DNI da persoa solicitante é, de ser o caso, do representante legal e documento que acredite a representación (no caso de ser menor de idade deberán achegar ademais copia do Libro de familia e do DNI do pai/nai/titor legal e asinar todos os Anexos xunto ao solicitante).
- b. No caso de persoas con discapacidade, acreditación expedida polo Organismo competente vixente no momento da presentación da solicitude.
- c. Certificación expedida pola respectiva Federación, que deberá conter **obligatoriamente** a información prevista na cláusula sexta, apartado 2.c). A estos efectos poderán presentar debidamente cuberto e asinado pola respectiva Federación o Anexo III previsto nestas bases.

No caso de discrepancia entre os datos que consten no certificado da Federación e os aportados polo solicitante no apartado de “Datos deportivos” do Anexo I, terase en conta o resultado que conste no certificado da Federación.

- d. Acreditación da superación do curso académico (ano 2024; curso 2023/2024).
- e. Declaración xurada da existencia ou non doutras axudas solicitadas ou concedidas por ésta ou por outras Administracións. No caso de existir, indicárase a Entidade e contía (ANEXO II)
- f. Declaración responsable de non atoparse inhabilitado/a ou estar incurso/a en prohibición para acceder á condición de beneficiario/a de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións. (ANEXO II)
- g. Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias, incluíndo as municipais e fronte á Seguridade Social (ANEXO II).
- h. No caso de deportistas de idade igual ou superior aos 16 anos, certificado da declaración do Imposto sobre a Renda de Persoas Físicas do último exercicio ou, no caso de non realizar dita declaración, certificado do nivel de renda do último exercicio. Poderanse solicitar a través da Sede Electrónica da Axencia Tributaria no enlace <https://sede.agenciatributaria.gob.es/Sede/procedimientoini/G306.shtml>
- i. Certificado bancario actualizado do número de conta da persoa beneficiaria, no que figurará o deportista solicitante como titular e con data de expedición actualizada.

Toda a documentación deberá presentarse en formato PDF. Non se admitirán documentos en archivo de imagen (“jpg” ou similar), os cales se terán por “non presentados”.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, os datos obtidos desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Para os efectos previstos no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e conforme á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, proporciónaselle a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO:

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado na Praza maior, nº 1 27001, Lugo. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982 297 100
- Correo electrónico: 010@lugo.gal
- Contacto DPD: dpd.lugo@seguridadinformacion.com

FINALIDADE:

Tramitación da solicitude instada pola/o interesada/o.

LEXITIMACION:

O tratamento dos datos de carácter persoal achegados queda lexitimado por unha obriga legal, de conformidade co artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e atopa o seu fundamento na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DESTINATARIOS:

Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes en dita materia. Non está prevista a comunicación de datos a terceiros alleos ao Concello nin a transferencia internacional dos mesmos.

DEREITOS:

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, no Concello de Lugo, están a tratar datos persoais que lles atinxan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e no cumprimento da lexislación vixente.

En determinados casos, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos. Nese caso, unicamente, conservaranse para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou a defensa de posibles reclamacións. A persoa interesada ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou ao Concello de Lugo nun formato estruturado, de uso común e lectura automatizada. Este último dereito limitarase polas seguintes excepcións:

- a. Que os datos sobre os que recae este dereito, fosen facilitados pola persoa interesada.
- b. Que os datos sexan tratados polo Concello de Lugo de forma automatizada.

Así mesmo ten dereito a retirar o consentimento outorgado, en cuxo caso será efectivo dende o momento no que o solicite, sen ter efectos retroactivos, así como o dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

ANEXO II. MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

D./Dña. _____, con DNI _____

DECLARO BAIXO XURAMENTO:

1.- Que cumpro todos os requisitos esixidos na presente convocatoria de bolsas de axudas para deportistas individuais con talento deportivo.

2.- Que asumo todos os compromisos reflectidos na referida convocatoria.

1.- Que solicitei e/ou recibín subvencións ou axudas desta ou de outras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, **para a mesma finalidade e anualidade para a que se solicita esta axuda**:

☐ SI ☐ *

☐ NON ☐

* Quen subscribe solicitou / recibiu, ata a data de presentación desta solicitude, as seguintes subvencións ou axudas desta ou de outras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, **para a mesma finalidade e anualidade para a que se solicita esta axuda**

ENTIDADE	ANO SOLICITUDE	CONTÍA	ANO CONCESIÓN **

** De non estar concedida na data de presentación da solicitude, cubrirase NC ("NON CONCEDIDA").

2.- Que está ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Lugo, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Tesourería Xeral da Seguridade Social. A tal fin, autorizo expresamente ao Concello de Lugo para comprobar das diferentes Administracións Públicas a verificación do cumprimento de ditas obrigas.

3.- Que non se atopa inhabilitada/o nin está incurso/o en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para obter a condición de persoa beneficiaria da subvención.

Lugo, _____ de _____ de _____

Asdo.: D./Dña. _____

(sinatura da persoa solicitante, ou representante)

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, os datos obtidos desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, aos indicados fins polo Concello de Lugo e ante quen as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentimento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación ao tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes na materia relacionada coa comunicación realizada e non poderán ser cedidos a terceiros agás nos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal.

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Para os efectos previstos no *Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e conforme á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais*, proporciónaselle a seguinte información en relación ao tratamento dos seus datos.

RESPONSABLE DO TRATAMENTO:

A información facilitada no formulario é titularidade do Concello de Lugo, domiciliado na Praza maior, nº 1 27001, Lugo. Para calquera información adicional pode realizar calquera consulta a través dos seguintes medios:

- Teléfono: 982 297 100
- Correo electrónico: 010@lugo.gal
- Contacto DPD: dpd.lugo@seguridadinformacion.com

FINALIDADE:

Tramitación da solicitude instada pola/o interesada/o.

LEXITIMACION:

O tratamento dos datos de carácter persoal achegados queda lexitimado por unha obriga legal, de conformidade co artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e atopa o seu fundamento na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DESTINATARIOS:

Os datos comunicaranse ás unidades administrativas municipais competentes en dita materia. Non está prevista a comunicación de datos a terceiros alleos ao Concello nin a transferencia internacional dos mesmos.

DEREITOS:

Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se, no Concello de Lugo, están a tratar datos persoais que lles atinxan, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para o cumprimento dos fins para os que foron recollidos e no cumprimento da lexislación vixente.

En determinados casos, as persoas interesadas poderán solicitar a limitación do tratamento dos seus datos. Nese caso, unicamente, conservaranse para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

En determinadas circunstancias e por motivos relacionados coa súa situación particular, as persoas interesadas poderán opoñerse ao tratamento dos seus datos. O Concello de Lugo deixará de tratar os datos, agás por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou a defensa de posibles reclamacións. A persoa interesada ten dereito a recibir os datos persoais que facilitou ao Concello de Lugo nun formato estruturado, de uso común e lectura automatizada. Este último dereito limitárase polas seguintes excepcións:

- a) Que os datos sobre os que recae este dereito, fosen facilitados pola persoa interesada.
- b) Que os datos sexan tratados polo Concello de Lugo de forma automatizada.

Así mesmo ten dereito a retirar o consentimento outorgado, en cuxo caso será efectivo dende o momento no que o solicite, sen ter efectos retroactivos, así como o dereito a reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

ANEXO III: CERTIFICADO FEDERATIVO AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA PERSOAS CON TALENTO DEPORTIVO CONCELLO DE LUGO

D./Dona. _____ con NIF núm. _____

Secretario/a da Federación _____ con NIF núm. _____

Teléfono _____ correo electrónico _____

CERTIFICA que o/a deportista:D./D^a. _____ con DNI núm. _____

- Estivo en posesión, no ano 2024 e ata a actualidade, licenza federativa oficial: SI ☐ NON ☐
- Pertenceu no ano 2024 e ata a actualidade, a un Club do Concello de Lugo: SI ☐ NON ☐

NOME DO CLUB:

(Excepcionalmente, admitiranse as solicitudes de deportistas que non estén de alta en ningún Club do Concello de Lugo, sempre e cando non exista o nivel na disciplina deportiva neste Concello. **Neste caso, a Federación deberá acreditar expresamente que no ano 2024 non existiu ningún Club no Concello de Lugo que practicase a disciplina deportiva en dito nivel polo que se opta á axuda.**

- Deportista feminina: SI ☐ NON ☐
- Deportista con discapacidade: SI ☐ NON ☐
(en caso afirmativo compite na modalidade de discapacidade: SI ☐ NON ☐
- Está cumprindo sanción firme por infracción en materia deportiva: SI ☐ NON ☐
- Que o mellor resultado individual do deportista acadado en cada nivel territorial na respectiva disciplina no ano 2024 é o que a seguir se indican:

O RESULTADO SERÁ DE PROBAS CONSIDERADAS OFICIALMENTE “CAMPIONATO DE ESPAÑA” OU “CAMPIONATO GALEGO”; NON SE TERAN EN CONTA RESULTADOS DE FASES, RESULTADOS PARCIALES DE PROBAS COMBINADAS, resultados de probas clasificatorias LIGAS ou calquer outro que non sexa considerado e denominado CAMPIONATO DE ESPAÑA OU GALEGO, E SEMPRE QUE NON EXISTA CAMPIONATO SUPERIOR NA CATEGORÍA POLA QUE SE OPTA AO PREMIO.

	DATA RESULTADO	DISCIPLINA DEPORTIVA	LUGAR/SEDE	MODALIDADE DEPORTIVA INDIVIDUAL	POSTO ACADADO
CAMPIONATO ESPAÑA					
CAMPIONATO GALEGO					

E para que conste e para os efectos oportunos, declaro que os datos reflectidos son certos e asino a presente certificación co visto e praxe do presidente,

Non serán válidos os certificados cubertos ou modificados a man.

SEGUNDO: A aprobación do gasto 26.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48100, do orzamento municipal correspondente ao exercicio 2025.

TERCEIRO: Indícaselles que esta resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela pódense interpoñer os seguintes recursos:

- **Recurso Contencioso-Administrativo**, no prazo de DOUS MESES, a contar dende o día seguinte ao da notificación deste acto ante o Xulgado de dita xurisdicción de Lugo (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa) así como demais accións legais que estime pertinentes.

Maila o anterior, e con carácter previo poderá interpoñer o **recurso potestativo de reposición**, previsto no artigo 123 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ante a Xunta de Goberno Local no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de interposición deste recurso, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta do devandito recurso de reposición (art 123 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas).

O que se fai público para xeral coñecemento, a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas.

Lugo, 31 de outubro de 2025.- O concelleiro delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude (Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo, Deportes e Xuventude), D. Jorge Bustos Atanasio.

R. 3043

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público través do presente anuncio, o contido do acordo da Xunta de Goberno Local nº **12/439** adoptado na sesión celebrada o 29.10.2025 de aprobación das bases xerais, autorización do gasto e apertura de convocatoria pública, para a adxudicación de subvencións a ONGD para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e proxectos de sensibilización social en Lugo (exercicio 2025).

Todo isto a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, **no prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A continuación insírese o contido da parte dispositiva do referido acordo nº **12/439** da Xunta de Goberno Local:

PRIMEIRO.- Que se proceda á convocatoria de subvencións a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación ao desenvolvemento no exterior e de sensibilización social dentro do termo municipal de Lugo, todo isto de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrencia competitiva.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto por un importe total de 50.000€, dos cales 40.000 € financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 23179.78000 (RC58213/25) destinados a gastos de investimento dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento e 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900 (RC58189/25), destinados a gastos correntes dos proxectos de sensibilización social dentro do termo municipal do Concello de Lugo.

TERCEIRO.- Que se proceda á aprobación das correspondentes bases polas que se vai rexer a convocatoria, que son do seguinte teor literal:

BASES XERAIS POLAS QUE SE REGULA A APERTURA DE CONVOCATORIA PÚBLICA E ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIONES A ORGANIZACIONES NON GOBERNAMENTAIS DE DESARROLLO PARA LA REALIZACIÓN DE PROYECTOS DE COOPERACIÓN AO DESARROLLO E PROYECTOS SENSIBILIZACIÓN SOCIAL EN LUGO E OS SEUS ANEXOS (EXERCICIO ECONÓMICO 2025).-

ARTIGO 1.- OBXECTO.

Estas bases regulan a adxudicación de subvencións a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD) para a realización de proxectos de cooperación en países menos adiantados e de sensibilización social dentro do termo municipal de Lugo.

Polo tanto, quedan excluídos os axentes de cooperación diferentes das organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento, é dicir, empresas, organizacións empresariais, sindicatos, universidades,

institucións financeiras, de aforro, formacións políticas e outros axentes sociais e administracións que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento ou de sensibilización social.

ARTIGO 2.- RÉXIME XURÍDICO.

Resulta de aplicación en materia de subvencións a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións e o Regulamento de control interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

En materia de cooperación ao desenvolvemento resulta de aplicación a Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, o Decreto 29/2017, de 9 de marzo, de cooperación ao desenvolvemento, a Lei 1/2023, de 20 de febreiro, de cooperación para o desenvolvemento sostible a solidariedade global (art 35-37 cooperación descentralizada) e o RD 188/2025, polo que se regulan as subvencións e axudas no ámbito da cooperación para o desenvolvemento sostible e a solidariedade global.

ARTIGO 3.- PRINCIPIOS REGULADORES.

A adxudicación e xestión destas subvencións realizaranse mediante o procedemento de concorrència competitiva, de acordo cos seguintes principios:

- a) publicidade, concorrència, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola administración outorgante.
- c) eficiencia na asignación de efectivos e no uso de recursos públicos.

ARTIGO 4.- FINALIDADE.

A finalidade da convocatoria é financiar a realización de actuacións que contribúan ao seguinte:

A) PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO.

Financiamento de proxectos que presten especial atención á cobertura de necesidades básicas da poboación dos países menos adiantados e/ou ao desenvolvemento económico local.

- a.1) cobertura de necesidades básicas: proxectos de educación básica, abastecemento de auga e saneamento, xestión integral e gobernanza de recursos hídricos, habitabilidade básica, alimentación, servizos sociais, saúde xeral e básica e programas/políticas sobre saúde sexual e reprodutiva.
- a.2) infraestrutura e promoción do tecido económico, concretamente proxectos de agricultura e agroindustrias, desenvolvemento rural, pesca e acuicultura.

Estas accións deberán contar con permanencia ou estabilidade, excluíndose, polo tanto, os proxectos de axuda humanitaria dirixidos a paliar situacións transitorias derivadas de catástrofes ou similares e os de carácter asistencial que non poidan asegurar a súa viabilidade cando cese o financiamento externo.

B) PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL.

Executar accións de sensibilización, información e educación para o desenvolvemento. Enténdese por tales as que estean dirixidas a fomentar o espírito de solidariedade, melloren o coñecemento e información sobre a problemática dos países menos adiantados e estimulen a participación da cidadanía lucense nas tarefas de cooperación internacional e desenvolvemento dos pobos.

ARTIGO 5.- PROXECTOS SUBVENCIONABLES.

Os proxectos presentados deberán cumprir todos os seguintes requisitos segundo a súa tipoloxía e será inadmitida a trámite a solicitude de subvención dos proxectos que non cumpran os mesmos.

1. Proxectos de cooperación ao desenvolvemento:

- a) Que se trate de proxectos a desenvolver nalgún dos países considerados como prioridade xeográfica no V Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento (2025-2026), aprobado polo Parlamento de Galicia o 15.06.2025 que reconece como prioritarios os países seguintes:

Africa Subsahariana: Cabo Verde, Guinea Bissáu e Mozambique.

América central: Guatemala, Honduras, Nicaragua e O Salvador.

América do Sur: Bolivia, Ecuador e Perú.

Caribe: República Dominicana

b) Que se trate de proxectos destinados á cobertura de necesidades básicas e/ou desenvolvemento económico local:

- proxectos de educación básica, abastecemento de auga e saneamento, xestión integral e gobernanza de recursos hídricos, habitabilidade básica, alimentación, servizos sociais, saúde xeral e básica e programas/políticas sobre saúde sexual e reprodutiva.

- Infraestrutura e promoción do tecido económico, concretamente proxectos de agricultura e agroindustrias, desenvolvemento rural, pesca e acuicultura.

c) Que incorporen as prioridades transversais da cooperación galega incluídas no V Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento (2025-2026):

- a erradicación da pobreza multidimensional
- a igualdade de xénero
- a defensa da sostibilidade ambiental
- a loita contra o cambio climático,
- o enfoque baseado nos dereitos humanos,
- o respecto polas diversidades
- a promoción da interculturalidade,
- a equidade e a loita contra as desigualdades,
- a participación cidadá e o fortalecemento institucional e da sociedade civil.

d) Que dean participación á poboación beneficiaria dende a súa elaboración e deseño ata a súa execución e avaliación, especialmente aos colectivos prioritarios recollidos no V Plan director da cooperación galega.

e) Os proxectos propostos non substitúan a acción do Estado na prestación da servizos públicos.

f) Que contén coa participación dunha contraparte local que actuará como socio da entidade solicitante na execución e xestión dos recursos.

2. Proxectos de sensibilización social:

a) Que se trate de proxectos que fomenten os valores de solidariedade, comercio xusto, consumo responsable, defensa dos dereitos humanos, respecto á diversidade cultural, valores medioambientais e defensa da equidade de xénero.

b) Que repercuta nun importante número de poboación.

c) Que fomenten a crítica das desigualdades mundiais e favorezan actitudes persoais e colectivas solidarias coas persoas máis desfavorecidas.

d) Que dean a coñecer a realidade dos países menos adiantados e das causas que xeran a pobreza e que defendan especialmente a situación da infancia, muller, xuventude, pobos indíxenas, persoas refuxiadas e desprazadas.

e) Que fomente a participación activa da cidadanía ou colectivos destinatarios.

Os proxectos que se presenten a esta convocatoria tanto de cooperación ao desenvolvemento como de sensibilización social non poderán conter na súa formulación ningún tipo de discriminación e/ou exclusión, deberán impulsar a equidade de xénero e máis o empoderamento feminino, o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia. Así mesmo deberán respectar a idiosincrasia da poboación beneficiaria e o seu medio ambiente.

As ONGD beneficiarias das subvencións comprométense e obríganse a non utilizar a imaxe da muller como reclamo e/ou con connotacións de tipo sexual e á non denigración da súa imaxe.

Conforme ao acordo Plenario 7/7, do día 25 de xaneiro de 2018, para o cumprimento da Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, as entidades que perciban cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais que teñan carácter de axuda ou subvención pública e acaden como mínimo a contía de 5.000€, deberán publicar a información relativa ás subvencións e axudas públicas concedidas conforme ao establecido na antedita normativa.

ARTIGO 6.- ENTIDADES BENEFICIARIAS. REQUISITOS.

Poderán solicitar axudas para a realización de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e sensibilización social as ONGD que reúnan todos os requisitos seguintes no día de remate do prazo de presentación das solicitudes. O incumprimento de calquera destes requisitos será causa de **inadmisión** da solicitude presentada previa resolución ditada ao respecto:

a) Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento creado pola Xunta de Galicia, polo menos durante 3 anos antes do día de publicación desta convocatoria.

b) Acreditar a seguinte experiencia na execución de proxectos:

Cooperación ao desenvolvemento: 3 anos no ámbito territorial de actuación para o que se solicita o proxecto e 5 anos realizando proxectos de cooperación ao desenvolvemento.

Sensibilización social: 3 anos.

c) Carecer de ánimo de lucro e non depender económica ou institucionalmente de entidades lucrativas.

d) Ter entre os seus fins institucionais expresos, segundo os seus propios estatutos, a realización de actividades relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento /sensibilización social e o fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou actividades análogas.

e) Ter xustificadas en prazo e de acordo coas bases reguladoras de cada convocatoria as subvencións concedidas, con anterioridade polo Concello de Lugo, para o cumprimento de fins análogos, durante os dous exercicios económicos anteriores.

f) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo, respectivamente.

g) Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario/a das subvención de conformidade co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

h) Presentar un proxecto que sexa tecnicamente viable.

i) Ter sede, domicilio social ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia e manter a entidade aberta durante a execución do proxecto e ata 1 ano despois da súa finalización.

Entenderase por delegación permanente aquela que conte con persoal da organización e local fixo onde realicen as súas actividades. Non se admitirá a referencia ao domicilio dunha persoa socia ou representante da entidade da mesma como domicilio social.

Esta circunstancia deberá ser xustificada documentalmente pola entidade solicitante podendo o concello realizar de oficio as comprobacións pertinentes para verificar o cumprimento deste requisito.

A delegación permanente asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprometerase ao mantemento da documentación, á contabilidade e coexistión do proxecto.

j) Que nos proxectos de cooperación ao desenvolvemento se identifiquen as contrapartes ou socios locais que participen responsablemente na execución material do proxecto e na xestión dos recursos, contando expresamente o seu compromiso no proxecto.

ARTIGO 7.- CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS SUBVENCIÓNS.

Esta convocatoria está dotada cun orzamento total de 50.000€, dos cales 40.000 € fináncianse con cargo á aplicación orzamentaria 23179.78000 (RC 58213) destinados a gastos de investimento dos proxectos de cooperación e 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900 (RC58189) con destino a gastos correntes dos proxectos de sensibilización social.

Ambas as dúas aplicacións orzamentarias pertencen ao orzamento municipal do exercicio económico do ano 2025.

ARTIGO 8.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As organizacións non gobernamentais presentarán a solicitude no modelo do **ANEXO I**, de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (<https://lugo.gal>) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o artigo 16.4 a) do mesmo texto legal. O prazo de presentación de solicitudes será de **QUINCE DÍAS HÁBILES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP, por conduto da BDNS.

O texto íntegro das bases xerais e mailo extracto da convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na forma e nos termos previstos na Lei xeral de subvencións artigos 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo publicarase na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), no taboleiro electrónico e no portal de transparencia e bo goberno do Concello de Lugo.

A solicitude deberá ir acompañada da documentación que a continuación se menciona, agás que xa estivera en poder do Concello de Lugo por tela presentado en anteriores convocatorias e esté en vigor. Esta circunstancia deberá facerse constar na solicitude xunto coa identificación do procedemento no que conste a documentación.

1) Fotocopia do DNI da persoa que asina a solicitude e documento acreditativo da representación que posúe na entidade solicitante.

2) Copia do código de identificación fiscal da entidade.

3) Copia dos estatutos da entidade onde conste explicitamente a inexistencia de ánimo de lucro da entidade e que dentro dos fins institucionais ten a realización de actividades relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento / sensibilización social, fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou actividades análogas.

4) Inscripción no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia, na mesma deberá figurar o ano de inscrición.

5) Documentación xustificativa de ter sede, domicilio social ou delegación permanente na comunidade autónoma de Galicia. Admitirase os estatutos da entidade, certificado de domicilio social ou calquera outro documento oficial válido para xustificar esta circunstancia.

6) Declaración responsable, segundo o modelo que figura no **ANEXO II** destas bases, acreditativa de:

- As subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

- A actividade, proxecto ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto presentado nesta convocatoria.

- Non estar inhabilitada ou incurso en prohibición para obter a condición de beneficiaria de subvencións, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 4/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nin do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social, Facenda Autonómica e Concello de Lugo, respectivamente.

- Nos supostos nos que, tras a tramitación da solicitude, resulte que o importe da subvención proposta exceda de 3.000 €, de conformidade co artigo 22 e 24 do Real decreto 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no momento en que se xustifique a subvención deberase presentar certificación da Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social acreditativas de estar ao día nas obrigas tributarias e sociais.

- A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar a certificación de non débedas co Concello de Lugo.

- O persoal que desenvolve as súas funcións na entidade solicitante non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

7) Proxecto concreto de actuación que se formulará de acordo co estipulado nas bases **ANEXO III**.

8) Declaración na que conste o compromiso de achegar o 10% do gasto total orzamentado que deberá financiarse exclusivamente pola ONGD solicitante, a contraparte local, e/ou as persoas beneficiarias do proxecto.

9) Certificación bancaria acreditativa do número de conta onde se desexa que se ingrese o importe da subvención.

10) Certificación acreditativa:

- Do número de socios e socias en Galicia.

- Compromiso de manter a sede aberta en Galicia ao menos 1 ano despois da finalización do proxecto.

11) Carta de compromiso de participación no proxecto de cooperación ao desenvolvemento da contraparte local asinada pola persoa que desempeña a representación legal da entidade. Esta carta de compromiso deberá estar asinada nunha data posterior á da publicación da presente convocatoria.

12) Calquera outra documentación que se considere precisa pola entidade solicitante.

A documentación deberá estar en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia, se a documentación correspondente á contraparte local figura nun idioma distinto deberá achegar a súa tradución. Esta esixencia tamén será aplicable á documentación que se presente na xustificación da subvención.

O órgano xestor do expediente poderá requirir da entidade solicitante, canta documentación e información complementaria estimen necesarias para a axeitada valoración e resolución do expediente.

ARTIGO 9.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Se a solicitude presentada pola entidade interesada non reúne os requisitos establecidos nestas bases e/ou non achega a documentación indicada ou está incompleta e/ou ten algún defecto, requiriráselle para que no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles a achegue, complete e/ou emende as deficiencias observadas, indicándolle que, se non o fixese, se lle terá por desistido da súa solicitude, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ARTIGO 10.- COMPATIBILIDADE DE SOLICITUDES.

As entidades solicitantes poderán presentar proxectos para ambas as dúas convocatorias, cooperación ao desenvolvemento e sensibilización social, sempre e cando se cumpran os requisitos esixidos para cada unha delas. Neste suposto será obrigatorio presentar unha solicitude para cada unha delas.

ARTIGO 11.- PROCEDEMENTO.

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións, nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia concordantes cos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes especificacións:

1.- Órgano instructor:**a) Composición:**

Estará integrado por unha persoa técnica adscrita aos servizos sociais municipais.

Funcións:

- Comprobar que as entidades solicitantes e os proxectos presentados reúnen todos os requisitos recollidos nestas bases e de ser o caso, notificará os correspondentes requirimentos de subsanación de deficiencias.
- Solicitar cantos informes considere oportunos para a tramitación do expediente tanto ás ONG solicitantes como a entidade colaboradora, de ser o caso.
- Presentar unha proposta de avaliación non vinculante na que se recollerá a proposta de puntuación de cada unha das solicitudes, proposta de subvención que corresponda conforme ás bases ou proposta de desestimación ou non admisión.
- Comunicar ás ONGD solicitantes o día e a hora de celebración da reunión da Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento para a súa asistencia e participación na defensa dos proxectos presentados, se así o consideran oportuno.

2.- Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento:**a) Composición:****PRESIDENTE/A:**

Xefa de servizo de servizos sociais ou persoa que a substitúa.

VOGAIS:

Un/Unha técnico/a do Servizo de Servizos Sociais ou persoal que o/a substitúa.

Un/unha técnico/a do Servizo de Intervención.

SECRETARIA:

Un/ha funcionario/a municipal que actuará, con voz e sen voto e que levantará acta da xuntanza da comisión avaliadora.

b) Funcións:

- Coñecer o informe de avaliación non vinculante elaborado polo órgano instructor ou pola entidade colaboradora, os proxectos avaliados, as incidencias nas avaliacións, as puntuacións e as contías das subvencións propostas.
- Requirit, se fose necesario, documentación e/ou informes complementarios. Poderá solicitarlle, de ser o caso, á Coordinadora Galega de ONGD un informe previo de asesoramento de carácter non vinculante e ás ONGD solicitantes poderalles solicitar as aclaracións que estime precisas.
- A avaliación das solicitudes, realizando o estudo, seguimento e avaliación dos proxectos presentados aplicando os criterios recollidos no artigo 13 destas bases.

O/A secretario/a da Comisión Avaliadora levantará acta da reunión que incluírá unha proposta de avaliación non vinculante. No suposto de empate na votación o/a presidente/a terá voto dirimente.

3.- Posteriormente, o órgano instructor elaborará a correspondente proposta de resolución que lle será remitida ao órgano correspondente para os efectos de aprobación do gasto e adxudicación da subvención que será a tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social, segundo o acordo da Xunta de Goberno Local núm. 40/607, do 26.07.2023 e o Decreto 2730/2025 do 20.03.2025.

4.- Prazo para resolver.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de **seis meses**, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP. Transcorrido o prazo sen que se adopte resolución expresa poderase entender desestimada por silencio administrativo. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

5.- Publicidade das subvencións concedidas.

Publicarase a adxudicación das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 8º da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e segundo o disposto no Título II da Lei 19/2016, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

ARTIGO 12.- REFORMULACIÓN.

Non se admitirá a reformulación dos proxectos para o caso de que o importe da subvención proposta sexa inferior á solicitada.

ARTIGO 13.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Para a avaliación das solicitudes, distinguírase entre proxectos de cooperación ao desenvolvemento e proxectos de sensibilización social. A puntuación máxima outorgable aos proxectos de cooperación ao desenvolvemento é de 40 puntos e a puntuación máxima outorgable aos proxectos de sensibilización social é de 25 puntos.

Será condición indispensable para obter subvención acadar ou superar o 60% da puntuación máxima esixida para cada un dos proxectos na fase de avaliación dos proxectos. Para os proxectos de cooperación será 24 puntos e para os proxectos de sensibilización social será 15 puntos

Independentemente do anterior, aqueles proxectos que a Comisión de Avaliación de Actividades de Desenvolvemento considere que son de imposible execución serán rexeitados por non ser tecnicamente viables.

A avaliación rexeráse polos criterios relacionados a continuación e cada un dos aspectos seguintes será puntuado co rango de puntuación que se indica sendo a puntuación final de cada proxecto o resultado da suma total de cada un dos parágrafos obxecto de baremación. Non serán puntuables aqueles criterios que constitúan un requisito esixido para participar na convocatoria e tampouco aqueles que non estén debidamente xustificadas. En ningún caso se concederá prazo se para a mellora de documentación xustificativa de criterios puntuables.

1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO. TOTAL PUNTOS: 40

a) Experiencia da ONG solicitante (de 0 a 15)

Criterio	Puntos
Achega financeira da ONGD e/ou da contraparte local ao proxecto que garanta a súa execución con independencia do financiamento externo. Só se puntuarán as achegas que sexan superiores ao 15% do orzamento presentado.	Ata 5
Presenza da entidade no Concello de Lugo coa localización dunha sede permanente. (Se conta con sede obterá 3 puntos, en caso contrario 0 puntos)	Ata 3
Experiencia no ámbito da cooperación ao desenvolvemento. Número de proxectos realizados nos últimos 5 anos	Ata 3
Experiencia na zona/ país na que se vai desenvolver o proxecto. Número de proxectos realizados nos últimos 3 anos.	Ata 4

b) Grao de adecuación do proxecto ás prioridades dos ámbitos estratéxicos da cooperación galega. (de 0 a 5)

Criterio	Puntos
Proxectos que se enmarquen nos ámbitos estratéxicos (AE) da cooperación galega establecidos no V Plan director da cooperación galega (2025-2026): dereitos sociais básicos, agricultura, pesca e acuicultura sustentable, equidade de xénero con enfoque feminista, interseccional e de diversidade, defensa dos dereitos humanos e loita contra o cambio climático. Neste criterio terase en conta o número de ámbitos a que atende o proxecto	Ata 5

c) Garantías de viabilidade e coherencia interna do proxecto (de 0 a 10).

Criterio	Puntos
Que ofrezan garantías de viabilidade e sostibilidade técnica, económica e social, especialmente a través da capacidade da contraparte local no país beneficiario para cumprir os obxectivos previstos. Valorarase a achega local financeira e/ou en especie ao proxecto	Ata 5
Claridade e rigor na presentación e redacción do proxecto: valorarase a claridade, coherencia e detalle do documento presentado. Rigoroso detalle orzamentario.	Ata 5

d) Participación da poboación destinataria (0 a 10).

Criterio	Puntos
Que se leven a cabo coa participación directa das persoas beneficiarias na súa elaboración, desenvolvemento e execución. A poboación beneficiaria debe estar claramente definida (identificada, cuantificada e caracterizada), establecendo ademais os criterios utilizados para a súa selección e o grao de participación nela nas fases do proxecto para a apropiación do proxecto	Ata 5
Que se trate de proxectos que contemplen formas de organización social (cooperativas, asociacións ou outras fórmulas de participación activa da poboación beneficiaria) e/ou a formación das persoas destinatarias	Ata 5

2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DOS PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL. TOTAL PUNTOS: 15

a) Experiencia da ONG solicitante (0 a 10).

Criterio	Puntos
Experiencia no ámbito da sensibilización social. Número de proxectos realizados nos últimos 5 anos	Ata 2
Experiencia no ámbito da sensibilización dentro do termo municipal de Lugo. Número de proxectos realizados nos últimos 3 anos	Ata 3
Presenza da entidade no Concello de Lugo coa localización dunha sede permanente se conta con sede obterá 3 puntos, en caso contrario 0 puntos	Ata 3
Achega financeira da ONG ao proxecto presentado. Só se puntuarán as achegas que sexan superiores ao 10% do orzamento presentado.	Ata 2

b) Sostibilidade da intervención (0 a 10).

Criterio	Puntos
Que contemple a capacidade de integrar nas distintas áreas e recursos institucionais (educación, saúde, servizos sociais) medidas de carácter permanente relativas á educación para o desenvolvemento.	Ata 5
Que estean dirixidos a colectivos con elevado efecto multiplicador (asociacións cidadáns, colectivos profesionais, educadores...)	Ata 5

c) Coherencia interna do proxecto (0 a 5).

Criterio	Puntos
Claridade e rigor na presentación e redacción do proxecto. Rigoroso detalle orzamentario e coherencia dos obxectivos do proxecto	Ata 5

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os proxectos que, reunindo os requisitos, iguallen ou superen a puntuación esixida para a obtención de subvención, calcularase o **VALOR PUNTO**. Para isto, de acordo co artigo 22.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, prorratearase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas.

A contía a outorgar a cada proxecto será a resultante de multiplicar o valor punto polo número de puntos obtidos por estes, se a cantidade resultante desta operación fose superior á subvención solicitada e subvencionable, concederáselle esta última. O importe sobranse distribuirase con idéntico criterio realizando unha única vez o prorrateo.

A contía máxima das subvencións concedidas non superará en ningún caso o 90% do custo da actuación proxectada pola entidade solicitante debendo constar, na solicitude, o compromiso de achegar o 10% do orzamento presentado. En todo caso, a contía máxima a outorgar a cada proxecto de sensibilización será de 3.000 €.

As actividades obxecto de subvención poderán ser obxecto de subcontratación nos termos establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003 xeral de subvencións.

ARTIGO 13.- GASTOS SUBVENCIONABLES E PERIODO DE EXECUCIÓN.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen dentro dos seguintes prazos para cada un dos proxectos:

- Proxectos de sensibilización: dende o 01/01/2025 ata o 30/06/2026.
- Proxectos de cooperación ao desenvolvemento: dende o 01/01/2025 ata o 30/09/2026.

Para os efectos desta convocatoria, hai que distinguir entre os gastos subvencionables nos proxectos de cooperación ao desenvolvemento e os gastos subvencionables nos proxectos de sensibilización social.

A) GASTOS SUBVENCIONABLES DOS PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO: GASTOS DE INVESTIMENTO.

Serán gastos subvencionables os gastos de investimento que a continuación se mencionan:

- **Os estudos técnicos** directamente relacionados co anteprojecto ou proxecto técnico-económico da acción. O importe máximo subvencionable neste concepto non poderá ser superior ao 5% do total do proxecto.
- **Os da man de obra necesaria para a execución das obras, infraestruturas ou investimento.** No referente aos gastos de aloxamento e desprazamento deberá identificarse as persoas usuarias, motivo, lugar e vinculación coa actividade ou programa subvencionado.
- **Os de adquisición de bens e equipamentos inventariables** tales como terreos, construcións, instalacións técnicas, maquinaria, ferramenta, mobiliario, equipos para procesos de información, elementos de transporte. Tamén se inclúen os gastos adicionais que se produzan ata a súa posta en funcionamento: gastos de explanación e derrubamento, transporte, dereitos arancelarios, seguros, montaxe e similares.

B) GASTOS SUBVENCIONABLES DOS PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN: GASTOS CORRENTES.

1- Consideraranse gastos subvencionables aqueles gastos correntes que de maneira indubitable respondan á natureza da actividade subvencionada.

2- Serán admitidos como gastos subvencionables os derivados do proxecto ou actividade concreta dacordo coa documentación achegada, como son as nóminas, seguridade social, desprazamentos acreditados mediante factura, aloxamentos, manutención, gastos de publicidade, gastos de subministro e calquera outro gasto relacionado co obxecto da subvención.

Os custes indirectos deberán imputarse pola entidade beneficiaria á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda dacordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida en que tales custes correspondan ao período no que efectivamente se realice o programa subvencionado. Os custes indirectos non poderán exceder do 7% do total do orzamento presentado na solicitude de subvención.

As facturas que se acheguen aos efectos de xustificar o importe da subvención concedida e referentes a gastos de combustible ou teléfono deberán ser identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención. No suposto de combustible deberá presentarse a documentación que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola asociación ou entidade beneficiaria, a vinculación coa actividade subvencionada e a aplicación, íntegra ou parcial, do gasto á actividade ou programa subvencionado.

Os gastos de combustible en ningún caso poderán superar o importe total de 300 €.

No referente aos gastos de aloxamento e desprazamento deberá identificarse persoas usuarias, motivo, lugar e vinculación coa actividade ou programa subvencionado.

A entidade beneficiaria non poderá xustificar o importe da subvención concedida mediante xustificantes de taxas municipais (auga) ou calquera outro tributo.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver. No caso de ter concedidas subvencións ou axudas doutras entidades públicas ou privadas para a mesma actividade a entidade beneficiaria deberá xustificar como mínimo un importe igual ou superior á totalidade das axudas concedidas, ademais do 10% que deberá asumir con medios propios a entidade beneficiaria.

3- Non serán subvencionables:

- Os gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.
- Os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.
- Os gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. En todo caso terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas.
- Os impostos e taxas municipais.
- En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto subvencionable.

ARTIGO 14.- PRAZO DE REALIZACIÓN.

As subvencións poderán outorgarse tanto a proxectos xa iniciados como aos que estean pendentes de realización. Nos proxectos iniciados os comprobantes de gasto que no seu momento se presenten deberán corresponder co ano da convocatoria.

Nos proxectos de cooperación ao desenvolvemento que non estean iniciados deberán iniciarse no prazo máximo de tres meses a partir da recepción do acordo de adxudicación da correspondente subvención.

ARTIGO 15.- COMPATIBILIDADES.

As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo da actividade.

O 10% do gasto total dos proxectos de cooperación ao desenvolvemento deberá ser financiado exclusivamente pola entidade, contraparte local e/ou os/as persoas beneficiarias do proxecto e o 10% dos proxectos de sensibilización deberá financiarse en exclusiva pola entidade beneficiaria.

No caso de existir sobrefinanciamento, a entidade beneficiaria deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

ARTIGO 16.- MODIFICACIÓN DO CONTIDO DO PROXECTO.

Unha vez recaída a resolución de concesión, a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación do contido do proxecto sempre que responda a causas sobrevidas debidamente xustificadas e se cumpran de xeito acumulativo os seguintes requisitos:

1. Non puideran terse en conta no momento da presentación do proxecto.
2. Respecten o seu contido esencial aínda que alteren a súa realización nalgún aspecto.
3. Se presenten inmediatamente despois de producidas e coñecidas e, en todo caso, antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Será necesaria a autorización previa e expresa do Concello de Lugo para calquera modificación do proxecto. Non se admitirán modificacións substanciais del, entendendo por tales aquelas que afecten aos obxectivos, resultados, poboación beneficiaria, localización territorial e socio local.

Tampouco será autorizada unha modificación do proxecto que precise realizar unha nova avaliación del ou supoña unha variación no orzamento inicialmente presentado, pola posible afectación a dereitos recoñecidos de terceiros.

ARTIGO 17.- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN.

A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada automaticamente se no prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito presentado no rexistro xeral do Concello de Lugo.

ARTIGO 18.- PAGAMENTO ANTICIPADO.

Dacordo co establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, en atención á coherencia co obxecto e finalidade das subvencións realizarase un pagamento

anticipado do 50% do importe da subvención sen necesidade de garantía previa, tanto para os proxectos de cooperación ao desenvolvemento como para os proxectos de sensibilización social.

Este pagamento deberá solicitarse a través do modelo oficial ANEXO IV dentro do prazo de presentación de solicitudes. A unidade xestora tramitará o pagamento anticipado trala notificación da adxudicación da resolución e verificado que a persoa beneficiaria non presentou renuncia expresa á mesma.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a entidades beneficiarias cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, ou fosen declarados en concurso, agás que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a persoa beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase a documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente toda a documentación xustificativa esixida e tralos correspondentes trámites oportunos.

ARTIGO 19.- XUSTIFICACIÓN DO GASTO E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

As entidades beneficiarias deberán xustificar con facturas orixinais o gasto correspondente ao importe da subvención concedida polo Concello de Lugo, máis o 10% do gasto do orzamento presentado no seu día que deberá ser asumido pola entidade subvencionada.

As entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (<https://lugo.gal>) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o artigo 16.4 a) do mesmo texto legal.

a) **Memoria de actuación** xustificativa e detallada da realización da totalidade do proxecto ou actividade, deberá conter un contido amplo que permita a verificación da realización da totalidade da acción subvencionada. Esta memoria deberá facer expresa mención das actividades realizadas, os resultados obtidos con estas, avaliación dos obxectivos acadados e estado actual do proxecto.

Deberá ir acompañada necesariamente de actas ou publicacións, reportaxes gráficos ou similares de xeral difusión (folletos, carteis, libros, vídeos, CD-ROM, etc.), que se editasen ou publicasen en relación coa acción subvencionada., nos cales deberá constar o logo do Concello de Lugo como entidade financiadora do proxecto.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo das accións desenvolvidas que deberá conter a certificación acreditativa da relación de todos os gastos e investimentos da actividade con identificación do/a acredor/a e do documento, o seu importe, data de emisión e de pagamento así como relación doutros ingresos e subvencións que financiara a actividade subvencionada con indicación do seu importe e procedencia. No caso de existir desviacións económicas entre o orzamento inicialmente presentado, orzamentado e avaliado e orzamento realmente executado, deberase achegar un informe xustificativo das devanditas desviacións.

c) **Certificación acreditativa dos seguintes aspectos:**

c1- **Relación de todos os gastos e investimentos realizados na actividade e/ou proxecto** segundo o seguinte detalle:

Núm. orde	Núm. factura	Data de emisión	Concepto	Acredor/a	Importe	Data pagamento	Tipo de cambio

CUSTO TOTAL DO PROXECTO

– Importe do orzamento presentado no seu día: €

– Importe do orzamento realmente executado: €

☐ Si existe a desviación de €

☐ NON existe unha desviación ningunha.

En caso afirmativo informe xustificativo das desviacións.

–
–

c2- Relación das facturas presentadas no Concello de Lugo para xustificar a subvención, segundo o seguinte detalle:

Núm. orde	Núm. factura	Data de emisión	Concepto	Acredor/a	Importe	Data pagamento	Tipo de cambio

TOTAL

c3- Relación de facturas presentadas no Concello de Lugo para xustificar o 10% do gasto do proxecto presentado e orzamentado no seu día, segundo o seguinte detalle:

Núm. orde	Núm. factura	Data de emisión	Concepto	Acredor/a	Importe	Data pagamento	Tipo de cambio

TOTAL

d) Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa de conformidade coas bases de execución do presuposto e RD 1619/212, do 30 de novembro, do 28 de novembro, do Ministerio de Economía e Facenda.

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos desglosados. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

- Xustificante do banco da orde de transferencia ou da notificación da domiciliación realizada ou extracto da conta corrente na que figure o cargo da transferencia realizada, sellada pola entidade financeira.
- Copia do cheque emitido a nome do proveedor que emite a factura.
- Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e sempre que non se trate de gastos de persoal, recibo donde conste a expresión: “recibín en efectivo”, o nome, DNI, firma e selo do cobrador; a identificación da factura correspondente e a súa data de pagamento. Admitiranse os “comprobantes de caixa” para importes inferiores a 50 euros.
- Documento xustificativo do pagamento con tarxeta, que deberá ser de débito e figurar obrigatoriamente a nome da entidade.
- O pagamento dos gastos da Seguridade Social xustificarase co recibo da Liquidación de Cotizacións TC1 co selo de caixa e certificación mecánica ou ben do comprobante bancario que acredite o dito pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícanse co modelo 111 co selo da caixa ou certificación mecánica se se paga por ventanilla ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Ao mesmo tempo deberase achegar o modelo 190 co resumo anual do IRPF.

No pagamento de facturas por importes superiores a 1.000 euros, unicamente se aceptarán os pagos realizados a través de transferencia bancaria.

No suposto de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

e) Declaración responsable segundo modelo que figura no **ANEXO V** destas bases acreditativa dos seguintes aspectos:

- As subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.
- Que a realización da acción para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado, orzamentado e avaliado, no seu día.
- Que esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.

- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:
- Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
- Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

Se o proxecto non se levase a cabo ou se modificase substancialmente sen a autorización municipal ou non se xustificase na forma sinalada nestas bases, iniciárase expediente de anulación do compromiso así como o reintegro das contías percibidas.

A esta contía haberá que engadirlle os xuros de demora que regulamentariamente procedan e que se liquidarán calculados dende a data de pagamento ata a de reintegro.

O incumprimento do estipulado nestas bases determinará a inhabilitación para a percepción de novas axudas e/ou subvencións durante o exercicio económico seguinte, sen prexuízo das accións legais pertinentes.

ARTIGO 20.- OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

Serán obrigas das entidades beneficiarias as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as do artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións.

A maiores, as entidades beneficiarias estarán obrigadas ao cumprimento do seguinte:

- A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., das actividades de sensibilización social que se realicen no Concello de Lugo deberán figurar en idioma galego.
- Non modificar a programación das actividades que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello.
- Facer constar na publicidade, difusión, publicacións, etc., que as actividades están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos, engadirase o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos e calquera tipo de actividade de difusión ou publicidade.
- Comunicarlle ao Concello de Lugo con suficiente antelación a realización das actividades de sensibilización social para o seu coñecemento e, de ser o caso, para a participación de responsables municipais.
- Comunicar calquera eventualidade que altere ou dificulte o desenvolvemento do proxecto subvencionado.

ARTIGO 21.- DATA LÍMITE PARA XUSTIFICAR.

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será **o 30 de xuño de 2026** no referente aos proxectos de sensibilización **e o 30 de setembro de 2026** no referente aos proxectos de cooperación.

Transcorrido este prazo pódense dar dous supostos:

- a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos esixidos. Desta circunstancia daráselle coñecemento á entidade beneficiaria e concederáselle un prazo de dez días para a súa emenda, rectificación ou o que proceda no suposto concreto.
- b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días hábiles, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá a entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

ARTIGO 22.- RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

O réxime de infraccións e sancións así como o procedemento sancionador será o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As infraccións en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición de sancións pecuniarias, que consistirán nunha diminución proporcional que se aplicará sobre a cantidade non xustificada e tendo en conta as circunstancias concorrentes no caso concreto.

ANEXOS: I, II , III, IV e V

Concello de Lugo					
SOLICITUDE DE SUBVENCIÓNS PARA PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E SENSIBILIZACIÓN SOCIAL (EXERCICIO ECONÓMICO 2025)					
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE					
NOME e APELIDOS:				NIF/NIE:	
ENDEREZO:				CONCELLO:	
PROVINCIA:		CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:		CORREO ELECTRÓNICO:
☐ Autorizo ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese.					
ENDEREZO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN					
ENDEREZO:					
CONCELLO:			PROVINCIA:		CÓDIGO POSTAL:
DATOS DA ASOCIACIÓN/ENTIDADE					
NOME:				N.º REXISTRO DA ONG:	
ENDEREZO SOCIAL:				CONCELLO:	
PROVINCIA:		CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:		CORREO ELECTRÓNICO:
CARGO DA PERSOA SOLICITANTE:					
SOLICITA:					
A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN POR UN IMPORTE DE _____					
PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE:					
☐ COOPERACIÓN			☐ SENSIBILIZACIÓN		
De optar ás dúas convocatorias deberá cumprimentar unha solicitude para cada proxecto.					
TÍTULO:					

- Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto, obxectivo ou actividade solicitada así como as condicións e obrigas establecidas nas bases que rexen a convocatoria da subvención do exercicio 2025.
- Comprométome a achegar o 10% do gasto total orzamentado con cargo á ONG solicitante, a contraparte local, e/ou as persoas beneficiarias.
- Autorizo expresamente ao Concello de Lugo a comprobar das diferentes administracións públicas ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.

Lugo, de de

A PERSOA SOLICITANTE

(DNI da persoa solicitante e selo da asociación/entidade)

NOTA: verifique a documentación que debe achegar xunto con esta solicitude, segundo o definido na convocatoria

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- ☐ Fotocopia do DNI da persoa solicitante.
- ☐ Copia do documento acreditativo da representación que ten a persoa solicitante na entidade ou asociación.
- ☐ Fotocopia do NIF /CIF da asociación, fundación ou entidade que representa.
- ☐ Documentación acreditativa de ter sede en Galicia.
- ☐ Copia completa dos estatutos ou documentos acreditativos da personalidade xurídica da entidade.
- ☐ Acreditación de inscrición no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento.
- ☐ Declaración responsable de non estar inhabilitado/a ou incurso/a en prohibición (ANEXO II).
- ☐ Proxecto subvencionado (ANEXO III).
- ☐ Certificación dos datos bancarios.
- ☐ Certificación acreditativa:
 - Do número de socias e socios en Galicia.
 - Compromiso de manter aberta a sede en Galicia durante polo menos un ano dende a finalización do proxecto.
- ☐ Carta de compromiso de participación no proxecto por parte da contraparte local, asinada pola persoa que posúa a representación legal da entidade.

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

D /D.^a _____,
provisto/a do NIF n.º _____, en calidade de (persoa que exerce a presidencia ou
secretaría) da ONG _____,
con enderezo social en _____
de Lugo, e con CIF n.º _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE.

1.- Esta entidade (si ou non) solicitou e recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

☐ SI *

☐ NON

*A día de hoxe e referidas ao exercicio económico de 2025, esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

2.- A acción, proxecto, obxectivo ou programa para o que se solicita subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3.- Esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Consellería de Facenda, Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente. No momento de xustificar a subvención, esta declaración responsable será substituída pola presentación das certificacións acreditativas de estar ao corrente no cumprimento das obrigas fiscais fronte ás administracións antes relacionadas.

4.- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

Lugo, ____ de _____ de 2025

(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.: _____

ANEXO III

- PROXECTO PARA A COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO (SI/NON).
- PROXECTO PARA SENSIBILIZACIÓN SOCIAL (SI/NON)

DENOMINACIÓN DO PROXECTO _____

A.- DATOS DA ONG SOLICITANTE:

- 1.- Denominación.
- 2.- CIF.
- 3.- Enderezo da sede ou delegación en Lugo, código postal, teléfono, fax e e-mail.
- 4.- Ano de constitución da ONG.
- 5.- N.º de socias e socios en: España Galicia Lugo
- 6.- Cotas recadadas no Concello de Lugo (determinar a contía económica).
- 7.- Área de actuación.
- 8.- Nome e apelidos da persoa representante legal.
- 9.- Nome e apelidos da persoa de contacto.

B.- DATOS DA ONG CONTRAPARTE (só nos proxectos de cooperación):

- 1.- Nome da persoa responsable do proxecto _____
- 2.- Cargo: _____
- 3.-Entidade: _____
- 4.- Enderezo: _____
- 5.- Teléfono: _____
- 6.- ¿Mantivéronse colaboracións previas con ela?
☐ SI
☐ NON
- 7.- Breve descrición:
- 8.- Outros datos de interese:

C.- EXPERIENCIA NO ÁMBITO DA COOPERACIÓN:

- Identificación dos proxectos nos que participa ou participou nos últimos 5 anos.
- Identificación dos proxectos nos que participa ou participou nos últimos 3 anos referidos ao ámbito territorial de execución do proxecto.

D.- EXPERIENCIA NO ÁMBITO DA SENSIBILIZACIÓN NO CONCELLO DE LUGO.

- Identificación dos proxectos nos que participa ou participou nos últimos 5 anos con indicación do lugar de desenvolvemento.
- Identificación dos proxectos nos que participa ou participou nos últimos 3 anos dentro do termo municipal de Lugo.

E.- DATOS DE IDENTIFICACIÓN E DESCRICIÓN DO PROXECTO DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO**- IDENTIFICACIÓN DO PROXECTO:**

- 1.- Título.
- 2.- Localización xeográfica.
- 3.- Poboación destinataria- beneficiaria.
- 4.- Área/s de actuación (saúde, servizos sociais, autoabastecemento, vivenda...)
- 5.- Breve descrición xeral do proxecto.
- 6.- Duración do proxecto (data de inicio e de finalización e, se é o caso, fases de execución).

- ANTECEDENTES, CONTEXTO E XUSTIFICACIÓN:

- 1.- Antecedentes e xustificación da necesidade do proxecto (descrición do contorno xurídico e factores sociais e de desenvolvemento)
- 2.- Participación das persoas beneficiarias: criterios de selección e procedemento de participación (só nos casos de proxectos de cooperación).
- 3.- Participación da muller.
- 4.- É parte dun plan ou programa máis global? En caso afirmativo, breve descrición xeral deste.

- EXECUCIÓN:

- 1.- Recursos técnicos e materias de que se dispón.
- 2.- Recursos humanos: cualificación, número e forma de organización.
- 3.- Seguemento e avaliación (accións de seguemento previstas, indicadores de resultados e instrumentos de avaliación).
- 4.- Medidas de difusión (soportes escritos e/ou audiovisuais que se achegan para a realización da actividade).

- OBXECTIVOS E RESULTADOS ESPERADOS:

- 1.- Obxectivos a curto prazo
- 2.- Obxectivos a longo prazo
- 3.- Resultados esperados e distribución temporal se os houbese.
- 4.- Impacto social e ambiental da acción.
- 5.- Outros datos de interese para os efectos de facilitar a avaliación dos proxectos.

- VIABILIDADE:

- 1.- Viabilidade técnica (execución, xestión e funcionamento, así como continuidade unha vez finalizada a axuda externa).
- 2.- Viabilidade económica (financiamento dos gastos de xestión e funcionamento unha vez finalizada a axuda económica externa).
- 3.- Viabilidade sociocultural (medidas previstas para garantir a aceptación e implantación a longo prazo dos resultados da acción).
- 4.- Actitude das distintas autoridades locais ante o proxecto.

F- DATOS DE IDENTIFICACIÓN E DESCRICIÓN DO PROXECTO PARA A SENSIBILIZACIÓN SOCIAL

- 1.- Título.
- 2.- Persoas destinatarias.
- 3.- Antecedentes e xustificación da necesidade do proxecto.
- 4.- Breve descrición xeral do proxecto.
- 5.- Data de inicio e de finalización.
- 6.- Obxectivos e resultados esperados.
- 7.- Recursos técnicos e materias de que se dispón.
- 8.- Recursos humanos de que se dispón.
- 9.- Seguemento e avaliación (accións de seguimento previstas, indicadores de resultados e instrumentos de avaliación).
- 10.- Medidas de difusión (soportes escritos e/ou audiovisuais que se achegan para a realización da actividade)
- 11.- Outros datos de interese para os efectos de facilitar a avaliación dos proxectos.

G.- ORZAMENTO GLOBAL DETALLADO SEGUNDO O MODELO:

Faise constar que, para os efectos desta convocatoria, se consideran gastos subvencionables:

- Os de investimento nos proxectos de cooperación ao desenvolvemento.
- Os correntes nos proxectos de sensibilización social

GASTOS CORRENTES	DESCRICIÓN DO GASTO	TOTAL EUROS
Gastos de persoal		
Arrendamento		
Gastos de viaxes, desprazamentos...		
Subministracións		
Publicidade...		
Gastos de xestión		
Outros		
TOTAL		

GASTOS DE INVESTIMENTO	DESCRICIÓN DO GASTO	TOTAL EUROS
Adquisición/construción de inmobles		
Estudos, proxectos.		
Obras		
Equipamento		
TOTAL		

1.- Identificación do importe solicitado.

2.- Plan de financiamento previsto. Identificación das achegas da contraparte local, ONG solicitante e outras entidades públicas e privadas.

Lugo, ____ de _____ de 2025

(DNI, sinatura e selo da entidade)

ANEXO IV

MODELO DE SOLICITUDE DE ANTICIPO DE SUBVENCIÓN DENTRO DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ONGD PARA PROXECTOS DE COOPERACIÓN AO DESENVOLVEMENTO E/OU SENSIBILIZACIÓN SOCIAL.

D./D.^a _____

en nome e presentación da ONGD _____

EXPOÑO

Que a entidade que represento presentou solicitude de subvención dentro da convocatoria de subvencións para o financiamento de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e/ou sensibilización social.

SOLICITO o aboamento do anticipo a conta do 50% do importe total adxudicado e declaro responsablemente, o seguinte:

1 Non solicitei a declaración de concurso voluntario nin fun declarado insolvente en procedemento ningún, nin en concurso, (agás que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso).

2. Non son debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non teño pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada unha resolución de reintegro de axuda pública.

Lugo, a _____ de _____ de 2025

Asdo:

ANEXO V

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

D./D.^a _____,
provisto/a do NIF n.º _____, en calidade de persoa que exerce a presidencia ou secretaría
da ONG _____,
con enderezo social en _____
de Lugo e con CIF n.º _____

DECLARO RESPONSABLEMENTE QUE:

1.- Esta entidade (SI ou NON) recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- ☐ SI *
- ☐ NON

*A día de hoxe esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

2.- A actividade, proxecto, obxectivo, programa para o que se concedeu subvención efectuouse nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día.

3.- Esta entidade está ao corrente das súas obrigas fiscais fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente, tal e como se demostra nas certificacións emitidas polas administracións públicas anteriormente mencionadas, e que se achegan xunto con este documento.

4.- As facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas (nas porcentaxes correspondentes ao importe da subvención concedida polo Concello de Lugo e ao 10% do gasto do proxecto orzamentado e presentado no seu día) como xustificación doutra subvención pública ou privada.
- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
- Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

5.- Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

Lugo, _____ de _____ de 2025
(DNI, sinatura e selo da entidade)

Asdo.: _____

CUARTO.- Que se proceda á publicación do extracto da convocatoria no BOP , por conducto da BDNS, e do texto íntegro deste no Boletín Oficial da Provincia (BOP); no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Lugo.

QUINTO.- Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Concencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acto.

Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderase interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

Lugo, 4 de novembro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social, D.ª Olga López Racamonde.

R. 3067

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público través do presente anuncio, o contido do acordo da Xunta de Goberno Local nº **10/437** adoptado na sesión celebrada o 29.10.2025 de aprobación das bases xerais, autorización do gasto e apertura de convocatoria pública, para a adxudicación de subvencións individuais para desprazamento en taxi adaptado de persoas con discapacidade física e mobilidade reducida recoñecida. (exercicio económico 2025)

Todo isto a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, **no prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A continuación insírese o contido da parte dispositiva do referido acordo nº **10/437** da Xunta de Goberno Local :

PRIMEIRO.- Que se proceda á convocatoria pública, para o exercicio 2025, das subvencións individuais para o desprazamento en taxi adaptado de persoas con discapacidade física e mobilidade reducida recoñecida de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrência competitiva..

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 5.000 € a que ascende o importe total das subvencións que os servizos sociais outorgarán a esta finalidade con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900. RC58187.

TERCEIRO.- Que se proceda á aprobación das correspondentes bases polas que se vai rexer a convocatoria, que son do seguinte teor literal:

BASES XERAIS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓNS INDIVIDUAIS PARA DESPRAZAMENTO EN TAXI ADAPTADO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE FISICA E MOBILIDADE REDUCIDA RECOÑECIDA. (EXERCICIO ECONÓMICO 2025).

Primeira. Obxecto da convocatoria.

Esta convocatoria ten por obxecto regular, para o exercicio económico de 2025, a adxudicación de subvencións individuais para desprazamento en taxi adaptado de persoas con discapacidade física e mobilidade reducida recoñecida que cumpran cos requisitos esixidos nas presentes bases.

Para o non previsto, será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as Bases de execución do orzamento, o Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

Segunda. Persoas beneficiarias. Requisitos.

As persoas beneficiarias deberán cumprir todos os requisitos do art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, a maiores, todos os seguintes que deberán cumprirse na data de remate de presentación de solicitudes e manterse ao longo de todo o período de execución da actividade subvencionada.

1. Ter cumprida unha idade mínima de 4 anos.

2. Estar empadroad/a no Concello de Lugo cunha antigüidade mínima de 1 ano con anterioridade á data de presentación da solicitude e durante a percepción desta.

3. Ter recoñecida unha discapacidade física permanente igual ou superior ao 33 % ou ben sexan pensionistas da Seguridade Social por ter recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez e ter recoñecida a mobilidade reducida.

Para os efectos desta convocatoria e segundo o baremo de valoración de discapacidades aprobado polo Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, considérase que unha persoa ten mobilidade reducida cando no ditame técnico facultativo que acompaña ao certificado do grao de discapacidade, no apartado relativo á existencia de dificultades para utilizar transportes colectivos, consta algunha das seguintes circunstancias:

a) a persoa valorada está incluído no apartado A (usuario en cadeira de rodas) ou apartado B (depende absolutamente de dous bastóns para deambular).

b) a persoa valorada obteña unha puntuación como mínimo de 7 puntos.

4. Non ser propietario/a de vehículo nin a persoa solicitante nin ningún membro da unidade de convivencia agás que se xustifique que o vehículo non está adaptado.

5. Para as persoas que traballen, non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo do dito beneficio.

6. Non dispor duns recursos económicos persoais superiores a 2,25 veces o IPREM vixente, 12 pagas (16.200,00 € ano 2025).

7. Estar ao corrente no cumprimento nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Xunta de Galicia, coa Dirección Territorial do Instituto Nacional da Seguridade Social e co Concello de Lugo.

8. Ter regulamentariamente xustificadas as subvencións concedidas, con anterioridade polo Concello de Lugo, para o cumprimento de fins análogos, durante os dous exercicios económicos anteriores.

9. Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario/a das subvencións de conformidade co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

10. Ter solicitada a axuda de transporte sanitario facilitada polo SERGAS, cando o desprazamento veña motivado por razóns de saúde e sexa facilitado por este organismo. Esta comprobación e verificación levarase a cabo pola unidade xestora e realizárase no prazo de xustificación, comportará a perda da axuda municipal no caso de non terse solicitado ou terse concedida a través do SERGAS.

11. Non ter dereito a este servizo a través de ISFAS, MUFACE ou outra entidade.

O incumprimento de calquera destes requisitos será causa de inadmisión da solicitude presentada ditándose a correspondente resolución que será notificada á persoa solicitante.

Terceira. Crédito orzamentario.

No orzamento municipal para o exercicio de 2025 existe consignación orzamentaria para a adxudicación de subvencións como a continuación se indica:

ÁREA	Aplicación orzamentaria	Importe
COHESIÓN SOCIAL	23179.48900 RC58187	5.000 €

Cuarta. Forma e prazo de presentación das solicitudes.

As persoas interesadas poderán presentar a solicitude de subvención no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben nos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A convocatoria para a adxudicación das subvencións previstas nestas bases publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE DÍAS HÁBILES**, contados dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei xeral de subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo, publicaranse as bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>) debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

Quinta. Documentación para achegar coas solicitudes de subvencións.

a) De carácter persoal

- Solicitud segundo modelo normalizado ANEXO I destas bases- DNI/NIE/Pasaporte da persoa solicitante ou, de ser o caso, do seu representante legal
- Fotocopia do Libro de Familia, de ser o caso
- Certificado de empadramento agás que se lle autorice expresamente ao Concello de Lugo para a comprobar, de oficio, a circunstancia do empadramento.
- Certificado do grao de discapacidade expedido polo equipo de valoración e orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou resolución do INSS de ter dereito a incapacidade permanente (total, absoluta ou grande invalidez).
- Informe médico emitido pola Sección de Cualificación e Valoración de Discapacidades acreditativo da circunstancia da mobilidade reducida segundo dispón o baremo de valoración de discapacidades aprobado polo Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro.

b) De carácter económico.

- Fotocopia da declaración do IRPF correspondente ao último exercicio fiscal na data de presentación da solicitude ou, se é o caso, certificado da Axencia Estatal Tributaria de non ter a obriga de presentala e certificación ou certificacións das correspondentes entidades pagadoras de ser o caso.

No caso de que a persoa solicitante tivera cónxuxe ou parella de feito, entenderase como renda persoal a metade da suma de ingresos da parella, e terá que achegar a mesma documentación cá persoa solicitante.

- Se o solicitante carecese de ingresos, valoraranse os ingresos da/s persoa/s das que dependa economicamente (pai, nai, titores, etc.). Neste caso achegarase a declaración da renda das persoas das que dependa, correspondente ao último exercicio fiscal cuxo período de presentación da correspondente declaración vence na data de presentación da solicitude ou, se é o caso, certificación da Axencia Estatal Tributaria de non ter a obriga de presentala, e certificación ou certificacións das correspondentes entidades pagadoras, de ser o caso.

- As persoas pensionistas deberán achegar certificación anual do organismo correspondente acreditativa das cantidades percibidas durante o último exercicio económico vencido con anterioridade á data da convocatoria, ou certificación negativa de non percepción de pensión.

- Declaración responsable segundo o modelo do ANEXO II xustificativa das seguintes circunstancias:

- Subvencións ou axudas solicitadas e/ou percibidas pola persoa solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

- Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería de Facenda e co Concello de Lugo e nas obrigas sociais coa Tesourería Xeral da Seguridade Social.

- Non encontrarse inhabilitado/a ou incurso/a en prohibición para acceder á condición de persoa beneficiaria de subvencións do Concello de Lugo, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

- De ser titular ou non de vehículo propio o solicitante e/ou as persoas integrantes da súa unidade de convivencia, de seren propietarios deberase xustificar que o vehículo non está adaptado.

- Compromiso de utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termo municipal de Lugo, agás viaxes excepcionais fundamentados e que se deberán xustificar.

- Compromiso de solicitar a axuda de transporte sanitario facilitada polo SERGAS cando corresponda.

- Non ter dereito recoñecido este dereito a través de convenio colectivo, contrato laboral ou a través de ISFAS, MUFACE, ou outro título xustificativo.

- Certificación bancaria do número de conta da persoa beneficiaria para realizar o ingreso da subvención adxudicada.

- Outros documentos que se estimen convenientes para a resolución do procedemento.

Sexta. Procedemento de tramitación e resolución das subvencións.

O procedemento para a adxudicación das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas bases, unha vez anotadas no Rexistro xeral de entrada, seranlles remitidas a Servizos Sociais.

O procedemento instruírase polo técnico ou técnica de Servizos Sociais que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

– Órgano instrutor: funcións:

– Requerirle á persoa solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas téndose por desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.

– Requerir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.

– Verificar o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o e, de ser o caso, efectuar a avaliación conforme aos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de valoración de cada un dos expedientes.

Sétima. Contía da subvención.

1. Segundo o disposto no art. 55. 1 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións, **queda exceptuado o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos no suposto de que o crédito consignado na convocatoria fose suficiente e se acade a contía máxima subvencionable, atendendo ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.**

A contía máxima da axuda a cada persoa solicitante será de 800 € anuais a excepción das persoas empadroadas na zona rural, no dito caso o límite máximo da contía subvencionable establécese en 1.000 € anuais.

2. De ser preciso realizar unha orde de prelación entre as solicitudes os criterios de avaliación serán os seguintes:

CRITERIO DE AVALIACION	PUNTOS
Acreditar uns ingresos mínimos entre 0 e 1 veces o IPREM	Ata 5
Acreditar uns ingresos mínimos entre máis de 1 e 2 veces o IPREM	Ata 5
Acreditar uns ingresos mínimos entre máis de 2 e 2,25 veces o IPREM	Ata 1

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes é necesario calcular o valor punto. Para isto, de acordo co artigo 22.1 da LXS ratearase o importe total para repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as persoas solicitantes de subvención ata chegar ao máximo da contía máxima subvencionable ou da contía solicitada.

Neste caso, nomearase unha comisión de avaliación coa función de emitir o ditame no que concrete o resultado da avaliación efectuada á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instrutor do procedemento. A comisión de avaliación terá a seguinte composición:

Presidenta/e : xefe/a do Servizo/Sección de Cohesión Social ou persoa en quen delegue.

Vogais : un funcionario adscrito a Área de Cohesión Social.

Un funcionario coa categoría de técnico adscrito ao Servizo de Intervención.

Secretaria/o : un funcionario/a da Área de Cohesión Social.

Excepcionalmente, o posto de secretaria/o e vogal poderán ser acumulados na mesma persoa. Oitava. Publicidade da concesión. Publicarase a concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no art 8 da Ordenanza xeral municipal de subvencións e o disposto no TÍTULO II da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais, o Concello de Lugo facilitará a información correspondente á Base de Datos Nacional de Subvención (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18.2 da Lei 38/2002, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Oitava. Publicidade da concesión.

Publicarase a concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no art 8 da Ordenanza xeral municipal de subvencións e o disposto no TÍTULO II da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais, o Concello de Lugo facilitará a información correspondente á Base de Datos Nacional de Subvención (BDNS) conforme ao disposto no artigo 18.2 da Lei 38/2002, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Novena. Órgano competente para resolver.

O órgano competente para a aprobación de bases (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, é a Xunta de Goberno Local do Concello. Todo isto segundo dispón a base 24 das bases de execución do presuposto municipal, o Regulamento de control interno do Concello de Lugo e o Acordo da Xunta de Goberno Local nº 40/607, do 26.7.23 no seu punto primeiro letra m) a través do cal se reserva a aprobación de bases (autorización de gasto) nos expedientes de subvencións tramitados en réxime de concorrencia competitiva.

O órgano competente para a adxudicación será a tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social, por delegación da Alcaldía segundo o Decreto nº 2730/2025 do 20.03.2025.

Décima. Prazo de resolución.

Este será de SEIS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada. A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

Décimo primeira. Aceptación da subvención.

A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de cinco días hábiles contados a partir do seguinte hábil ao da notificación a persoa solicitante non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Décimo segunda. Reformulación e subcontratación.

Non se admite a reformulación das solicitudes. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Décimo terceira. Gastos subvencionables e período de realización.

Os gastos que se poden xustificar coa subvención concedida serán os correspondentes aos de transporte exclusivamente efectuados por calquera dos taxis adaptados existentes no municipio en Lugo. Unicamente serán financiáveis os desprazamentos dentro do termo municipal de Lugo.

Fóra do municipio admitiranse viaxes excepcionais debidamente xustificadas, entendendo por tales os motivos médicos, xudiciais, académicos ou fomativos, ou para o cumprimento dun deber

O período de realización dos gastos será dende o 01.01.2025 ó 31.12.2025.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo total dos desprazamentos anuais realizados pola persoa beneficiaria.

Décimo cuarta. Xustificación do gasto e pagamento da subvención.

Concedida a subvención e para proceder ao seu cobramento, as entidades beneficiarias deberán presentar en **REXISTRO** a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade subvencionada:

a) **Memoria xustificativa** da execución da actuación subvencionada, para estes efectos deberá cumprimentar o ANEXO III destas bases.

b) **Facturas** e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e RD 1619/212, do 30 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda.

As facturas deberán conter un detalle dos servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

c) **Declaración responsable** destas bases, acreditativa de: segundo o modelo que figura no ANEXO III

– Das subvencións ou axudas recibidas para a mesma actividade desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.- Que a realización da actividade para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos nestas bases.

– Que a persoa abaixo asinante se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.

– Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
- Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

No suposto que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a persoa beneficiaria, no prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no caso de que non cumpra o dito requirimento, ditarase a resolución que corresponda segundo a documentación que figura no expediente.

Décimo quinta. Contía para xustificar.

A persoa beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida mais o 10 % do importe da subvención concedida, que deberá necesariamente financiarse con fondos propios da persoa solicitante.

As persoas beneficiarias deben presentar, no momento da xustificación, unha relación de gastos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanciamento desta.

Décimo sexta. Data límite para xustificar. Pagamento.

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do 01.01.2026, transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que as persoas beneficiarias presenten a xustificación, pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráselle, e concederáselle un prazo de dez días para a súa corrección e/ou emenda.

b) Que as persoas beneficiarias non presenten a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días xustificación, presente a dita conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

O pagamento da subvencións realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

Décimo sétima. Incumprimentos, réxime de infraccións e sancións.

Incumprimentos: a cantidade para pagar graduarase conforme aos importes xustificadas e atendendo ao principio de proporcionalidade, sempre que reúnan os requisitos necesarios.

O réxime de infraccións e sancións así como o procedemento sancionador será o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ANEXOS I: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE TRANSPORTE EN TAXI ADAPTADO-EXERCICIO 2025.

ANEXO II: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN.

ANEXO III. MODELO DE MEMORIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN.

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE TRANSPORTE EN TAXI ADAPTADO (EXERCICIO 2025).

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE.

NOME:

APELLIDOS:

DNI:

DATA NACEMENTO:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

E-MAIL

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (debidamente acreditada e só nos supostos de persoas con incapacidade xudicial recoñecida ou de menores de idade)

NOME:

APELLIDOS:

DNI:

DATA NACEMENTO:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

DATOS RELATIVOS Á UNIDADE DE CONVIVENCIA.

NOME E APELLIDOS	PARENTESCO	INGRESOS ANUAIS

SOLICITO

A adxudicación dunha subvención para o financiamento dos gastos de transporte en taxi adaptado para o exercicio económico vixente por un IMPORTE de

Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo a comprobar, de oficio, a circunstancia de estar empadroad/a no Concello de Lugo, a titularidade de vehículos e a que solicite e subministre, a través de medios informáticos, ou telemáticos os meus datos contidos en ficheiros e obter a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia Administración, doutras administracións públicas e/ou entidades privadas co obxecto de tramitar este procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican a dita cesión.

Así mesmo, e para o caso de resultar beneficiario/a, autorízolles a remisión dos meus datos persoais aos titulares de licenza de taxi adaptado en Lugo.

Que, de resultar beneficiario/a acepto as obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións.

Lugo, de 2025

Sinatura da persoa solicitante ou representante legal

DOCUMENTACIÓN XERAL A PRESENTAR POLA PERSOA SOLICITANTE:

- ☐ Fotocopia do DNI/NIE da persoa solicitante ou da persoa representante legal.
- ☐ Fotocopia do Libro de Familia, se é o caso.
- ☐ Certificación de discapacidade expedido polo equipo de valoración e orientación (EVO) dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou Resolución do INSS de ter dereito a incapacidade permanente (total, absoluta ou grande invalidez)
- ☐ Informe emitido pola Sección de Cualificacións e Valoración da Discapacidade e da imposibilidade de utilización do transporte público colectivo (só para o suposto de que esta circunstancia non se reflicta na certificación de discapacidade).
- ☐ Certificado de empadramento agás se autorice expresamente ao Concello de Lugo para a comprobación, de oficio, da circunstancia de estar empadroad/a.
- ☐ Declaración da renda e/ou certificacións conforme ao establecido na cláusula quinta
- ☐ Declaracións responsables. (ANEXO II)
- ☐ Certificación bancaria para os efectos de ingreso de ser beneficiario/a

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

D./D.^a

con DNI núm.

A.- COMO SOLICITANTE

B.- COMO REPRESENTANTE LEGAL DE D./D.^a

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1.- Que, (si ou non) solicitei e/ou recibín subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

☐ SI *☐ NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2025, o/a que subscribe solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

SUBVENCION SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTIA SOLICITADA

SUBVENCION RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO

2.- Que estou ao corrente no cumprimento das miñas obrigas fiscais fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, á Consellería de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo respectivamente.

3.- Que non estou inhabilitado/a nin incurso/a en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario/a da subvención.

4.- Que ☐ si ☐ non (marcar o que proceda) son titular de vehículo propio. No suposto de ser titular deberá presentar a documentación xustificativa de que o mesmo non está adaptado.

5.- Que ☐ si ☐ non (marcar o que proceda) os membros da unidade familiar ou de convivencia posúen vehículo. No suposto de ser titular deberá presentar a documentación xustificativa de que este non está adaptado.

6.- Que me comprometo a utilizar a axuda unicamente para desprazamentos dentro do termo municipal agás viaxes excepcionais debidamente xustificadas.

7.- Que me comprometo a solicitar a axuda de transporte sanitario facilitado polo SERGAS cando proceda.

8.- Que non teño recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo do dito beneficio.

9.- Que non teño dereito a este servizo a través de ISFAS, MUFACE ou outra entidade.

Lugo, ____ de _____ de 2025.

(DNI, NIE, sinatura do/da solicitante ou representante legal)

ANEXO III

MODELO DE MEMORIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

D./D.ª

NIF. nº

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1. Que durante este exercicio económico e con cargo á subvención concedida se realizaron _____
(especificar número de viaxes realizadas en taxi adaptado) para desprazamentos dentro do termo municipal
agás viaxes excepcionais fundamentados e que xustifico coa correspondente documentación.

2. Que o gasto realizado ascende á cantidade total de:

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES EFECTUADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

Relación de viaxes realizadas	Acredor	Importe

3. Que (si ou non) recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade.

☐ SI *☐ NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2025, solicitei/recibín outra subvención (indicar procedencia e contía):

SUBVENCION SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTIA SOLICITADA

SUBVENCION RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO

4. A actividade para a cal se concedeu a subvención se efectuou nos termos establecidos nas bases xerais da convocatoria.

5. Que a persoa abaixo asinante se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo.

6. Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron, nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de subvención pública ou privada ningunha.
- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
- Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

Lugo, ____ de _____ de 2025

(DNI, sinatura da persoa solicitante ou da autorizada.)

Asdo.: _____

CUARTO.- O texto destas bases publicárase integramente no Boletín Oficial de Provincia de Lugo (BOP), no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Lugo, se ben a publicación do extracto da convocatoria no BOP será a data para ter en conta para os efectos de cómputo de prazo de presentación de solicitudes .

QUINTO.- Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

– Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer ante a Xunta de Goberno Local o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas (BOE núm. 236, de 02/10/2015), no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

Lugo, 4 de novembro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social, D.^a Olga López Racamonde.

R. 3068

Anuncio

De conformidade co disposto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, faise público a través do presente anuncio, o contido do acordo da Xunta de Goberno Local nº **11/438** adoptado na sesión celebrada o 29.10.2025 de aprobación das bases xerais, autorización do gasto e apertura de convocatoria pública, para a adxudicación de subvencións dirixidas ao mantemento de taxi adaptado destinados ao transporte público de persoas con mobilidade reducida recoñecida, autorización do gasto e apertura de convocatoria pública (EXERCICIO 2025)

Todo isto a fin de que as persoas interesadas poidan presentar as solicitudes que estimen oportunas, **no prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES**, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A continuación insírese o contido da parte dispositiva do referido acordo nº **11/438** da Xunta de Goberno Local :

PRIMEIRO.- Que se proceda á convocatoria pública, para o exercicio 2025, das subvencións individuais para o ao mantemento de taxi adaptado destinados ao transporte público de persoas con mobilidade reducida recoñecida.

SEGUNDO.- Que se aprobe o gasto de 14 000 € a que ascende o importe total das subvencións que os servizos sociais outorgarán a esta finalidade con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

TERCEIRO.- Que se aproben as BASES XERAIS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIONS PARA O MANTEMENTO DE TAXIS ADAPTADOS DESTINADOS AO TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA. (EXERCICIO 2025).

Primeira. Obxecto da convocatoria.

Estas bases teñen por obxecto regular a adxudicación de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, ás persoas titulares de licenzas de taxi en vigor e que estén prestando o servizo de transporte público en taxi adaptado no Concello de Lugo para o financiamento parcial de gastos de mantemento dos seus vehículos. Todo isto coa finalidade de garantir a prestación do servizo de transporte público ás persoas con mobilidade reducida para o exercicio económico de 2025.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as Bases de execución do orzamento, o Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

Segunda. Persoas beneficiarias. Requisitos:

As persoas beneficiarias deberán cumprir os requisitos do art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. A maiores, deberán cumprir os requisitos que a continuación se relacionan, os cales deberán cumprirse na data de remate de presentación de solicitudes e manterse ao longo de todo o período de execución da actividade subvencionada.

1. Ser titular dun vehículo adaptado para o transporte de persoas con mobilidade reducida ou discapacidade (taxi adaptado).
2. Ser titular dunha licenza de taxi dentro do termo municipal do Concello de Lugo.
3. Prestar o servizo de transporte en taxi adaptado a persoas con mobilidade no termo municipal do Concello de Lugo.
4. Ter xustificadas as subvencións anteriormente outorgadas polo Concello de Lugo, agás que non transcorrese o correspondente prazo de xustificación.
5. Non estar incurso nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
6. Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Xunta de Galicia, coa Dirección Territorial do Instituto Nacional da Seguridade Social e co Concello de Lugo.
7. Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

Terceira. Créditos orzamentarios e contía da subvención.

No orzamento municipal para o exercicio de 2025 existe consignación orzamentaria

Servizo	Aplicación orzamentaria	Importe
Área de Cohesión Social	23179.48900 RC58188/2025	14.000 €

A contía máxima subvencionable será de **3 000,00 €** por cada solicitude presentada.

Cuarta. Forma e prazo de presentación.

As solicitudes de subvención xunto coa documentación precisa, presentaranse de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, (LPACAP) por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (<https://lugo.gal>) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o disposto no art.16.4 LPACAP.

O prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE** días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo publicaranse as bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), no taboleiro electrónico municipal e no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Lugo.

Quinta. Documentación para achegar coas solicitudes de subvencións.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación, agás que xa estivera en poder do Concello de Lugo por tela presentado en anteriores convocatorias e esté en vigor, esta circunstancia deberá facerse constar na solicitude xunto coa identificación do procedemento no que conste a documentación.

Documentación:

- Solicitude segundo o modelo do ANEXO I no que se inclúe o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución da actividade solicitada e a autorización ao concello para comprobar das diferentes administracións datos tributarios e outras informacións declaradas.
- Copia do NIF da persoa solicitante ou o da persoa que actúa como representante, se fose o caso, así como documento acreditativo desta representación.
- Copia da licenza de taxista.
- Documentación xustificativa da propiedade dun vehículo taxi- adaptado.
- Xustificación documental da prestación do servizo de transporte en taxi adaptado a persoas con mobilidade reducida no termo municipal do Concello de Lugo, para os efectos poderá achegarse o calendario de traballo anual.
- Declaración responsable, segundo modelo que figura no ANEXO II destas bases, acreditativa:
 1. Das subvencións ou axudas solicitadas e/ou percibidas pola persoa beneficiaria, doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.
 2. De que o servizo de transporte en taxi adaptado para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos nas presentes bases xerais.

3. De que a persoa solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Consellería de Facenda Autonómica, Tesourería Xeral da Seguridade Social e o Concello de Lugo. Estas certificacións poderán substituírse pola declaración responsable de atoparse ao corrente das súas obrigas de carácter tributario e de Seguridade Social, conforme o artigo 24.4 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, tendo en conta que o importe da subvención a adxudicar non supera os 3.000 €.

4. De que a persoa solicitante non está inhabilitada nin incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5. De que a persoa solicitante non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

– Solicitude de pagamento anticipado ANEXO III. Este pagamento tramitarase de resultar a persoa solicitante adxudicataria da subvención e cumprir con todos os requisitos esixidos para o pagamento e sen necesidade de prestar garantía.

– Certificación dos datos bancarios da persoa solicitante, con correspondencia exacta cos datos achegados polo interesado no que respecta ao nome, NIF e o número de conta bancaria (en formato IBAN).

– Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.

Sexta. Procedemento de tramitación e resolución das subvencións.

O procedemento para a adxudicación das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza Municipal de Subvencións, nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23, 24, 25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas bases, unha vez anotadas no Rexistro Xeral de Entrada, seranlles remitidas ao departamento de servizos sociais. O procedemento instruírse polo técnico ou técnica competente do servizo que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

Órgano instructor: funcións:

– Requirirlle á persoa solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de 10 días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.

– Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.

– Verificación do cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o.

– O órgano instructor formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Tenenta de Alcalde delegada da Área de Cohesión Social.

– Comisión avaliadora da Área de Cohesión Social:

Composición:

Presidenta: A persoa que ostente a xefatura de servizo, ou a xefatura de sección.

Vogal: Un funcionario coa categoría de técnico/a adscrito ao servizo.

Un funcionario/a coa categoría de técnico/a adscrito ao Servizo de Intervención.

Secretaría: funcionario coa categoría de técnico/a adscrito ao servizo

Excepcionalmente, o posto de secretaria e de vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

Funcións: Emitir o ditame no que concrete o resultado da avaliación efectuada á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instructor do procedemento.

– O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de SEIS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

– O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, competencia delegada nas/os Tenentes/as de Alcaldesa Delegados/as de Área e nos/as Concelleiros Delegados conforme o acordo da Xunta de Goberno Local nº 40/607, do 26.7.23 e o Decreto 2730/2025 do 20.03.2025.

- A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.
- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada automaticamente se no prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.
- Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.
- As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo total da actividade. O 10 % do gasto proposto e orzamentado no proxecto deberá ser financiado exclusivamente pola persoa beneficiaria. No caso de que exista sobrefinanciamento, a/o beneficiaria/o deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

Sétima. Publicidade da concesión.

Publicarase a concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no art 8 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións e o contemplado no TÍTULO II da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvención (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da Lei 38/2002, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Oitava. Criterios de avaliación e cálculo do importe da subvención.

Serán de aplicación os seguintes criterios de avaliación das solicitudes:

CRITERIO DE AVALIACIÓN	PUNTOS
Non ter recibido subvención nos últimos 5 anos, un punto por cada ano.	Ata 5
Prestar o servizo de transporte adaptado, un 0,5 puntos por ano de servizo ata un máximo de 5 puntos	Ata 5
Puntuación máxima	10 puntos

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario calcular o valor punto. Para isto, de acordo co artigo 22.1 da LXS prorratearase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as persoas solicitantes de subvención. Se a contía resultante dos cálculos aritméticos é superior á contía da subvención solicitada, concederase esta última. En todo caso a contía máxima subvencionable para cada persoa beneficiaria será de 3.000€.

Segundo o disposto no art 55. 1 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, queda exceptuado o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos no suposto de que o crédito consignado na convocatoria fose suficiente e se acade a contía máxima subvencionable, (3.000€) atendendo ao número de solicitudes que cumpran os requisitos.

Novena. Órgano competente para resolver.

O órgano competente para a aprobación de bases (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, é a Xunta de Goberno Local do Concello, segundo establece a base 24 das Bases de execución do presuposto municipal, no Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e no acordo nº 40/607, do 26.7.23 no seu punto primeiro letra m) que establece que a Xunta de Goberno Local resérvase o exercicio das atribucións delegables seguintes “a aprobación das bases (autorización do gasto) nos expedientes en réxime de concorrencia competitiva”.

O órgano competente para a adxudicación será a tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social, por delegación da Alcaldía segundo o Decreto nº 2730/2025 do 20.03.2025.

Décima. Obrigas das persoas beneficiarias da subvención.

As persoas beneficiarias das subvencións concedidas na presente convocatoria quedan obrigadas á prestación do servizo público de transporte en taxi adaptado a persoas con mobilidade reducida do Concello de Lugo. Este servizo deberá prestarse inexcusamente en toda a franxa horaria da correspondente quenda de traballo, incluído horario nocturno, fins de semana e festivos.

O Concello de Lugo poderá facer calquera tipo de actuación para a verificación do cumprimento desta obriga o que poderá conlevar a redución do importe subvencionable, de ser o caso. As persoas usuarias de taxi adaptado poderán, de ser o caso, presentar a correspondente queixa ante a Comisión de Suxerencias e Reclamacións do Concello de Lugo.

Décimo primeira. Gastos subvencionables e período de realización.

Serán subvencionables unicamente os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade, tales como:

- a) Gastos de combustible
- b) Gastos de mantemento do vehículo.
- c) Gastos de seguros do vehículo.
- d) outros posibles gastos de mantemento do taxi adaptado.

O período de realización dos gastos será dende o 01.01.2025 ó 31.12.2025.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou proxecto xustificado pola persoa beneficiaria.

Décimo segunda. Pago anticipado.

Dacordo co previsto no art 17.3 k) e art. 34.4 da Lei xeral de subvencións e os art. 88.2, e 42 e 43 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, prevese un pagamento anticipado do 50% do importe da subvención en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación e sen necesidade de prestar garantía.

Este pagamento deberá solicitarse a través do modelo oficial ANEXO III dentro do prazo de presentación de solicitudes. A unidade xestora tramitará o pagamento anticipado trala notificación da adxudicación da resolución e verificado que a persoa beneficiaria non presentou renuncia expresa á mesma.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, fosen declarados insolventes en calquera procedemento, ou fosen declarados en concurso, agás que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Tampouco poderá facerse o pago anticipado no suposto de que a persoa beneficiaria non se atope ao corrente nas obrigas tributarias xa sexan estatais, autonómicas ou locais e fronte a seguridade social ou ben sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

No suposto de non executar ou non xustificar a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentárase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada ou non xustificada. De non cumprirse con esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e con esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

O pagamento polo importe restante tramitarase unha vez que a entidade presente toda a documentación xustificativa esixida e tralos correspondentes trámites oportunos.

Décimo terceira. Xustificación do gasto e pagamento da subvención.

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobramento, as entidades beneficiarias deberán presentar en REXISTRO a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade:

a) **Memoria explicativa da realización da totalidade da actividade subvencionada** segundo o modelo do ANEXO IV que conterá unha relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada con identificación do acredor, importe, data de emisión e data de pagamento.

b) **Facturas** e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.d 1619/212, do 30 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, coa acreditación **do pago mediante** xustificante do banco da orde de transferencia ou da notificación da domiciliación realizada ou extracto da conta corrente na que figure o cargo da transferencia realizada, selada pola entidade financeira.

En todo caso, estarase ao disposto no art. 18 da Lei 11/2021, de 9 de xullo, de Medidas de Prevención e Loita contra a Fraude Fiscal, que establece que non poderán pagarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervincentes actúe en calidade de empresario ou profesional, cun importe igual ou superior a **1.000€** ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

As facturas deberán en todo caso conter un desglose dos servizos prestados incluíndo os prezos descompostos.

c) **Declaración responsable** segundo o modelo que figura no ANEXO IV destas bases, acreditativa de:

- Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- Que a realización da actividade para a que se concedeu a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.
- Que a persoa abaixo asinante se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo. No suposto de non asinar esta declaración responsable neste punto, deberá achegar as correspondentes certificacións acreditativa de atoparse ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda, Tesourería Xeral da Seguridade Social. En canto ás obrigas tributarias fronte ao Concello de Lugo, realizaráanse de oficio trala autorización outorgada a través do modelo oficial.
- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:
 - Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.
 - Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
 - Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no caso de que non cumpra o dito requirimento, ditarase a resolución que corresponda en dereito segundo a documentación obrante no expediente.

Décimo cuarta. Contía para xustificar.

A persoa beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida mais o 10 % do custo total do importe do orzamento achegado coa solicitude con independencia do gasto efectivo total devengado. As persoas beneficiarias deben presentar, no momento da xustificación, unha relación dos gastos totais da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanzamento da mesma.

Décimo quinta. Data límite para xustificar. Pagamento.

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do **01.01.2026**, sen prexuízo de poder presentala con anterioridade. Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

- a) Que as persoas beneficiarias presenten a xustificación pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicaráselle, e concederáselle un prazo de dez días para levalo a cabo.
- b) Que as persoas beneficiarias non presenten a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

O pagamento da subvencións realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

Décimo sexta. Incumprimentos, réxime de infraccións e sancións.

A contía a aboar graduarase conforme aos importes xustificadas e atendendo ao principio de proporcionalidade, sempre que reúnan os requisitos necesarios.

O réxime de infraccións e sancións será o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo sétima.- Anexos.

ANEXOS I: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O MANTEMENTO DE TAXIS ADAPTADOS DESTINADOS AO TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA. EJERCICIO 2025

ANEXO II: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

ANEXO III: SOLICITUDE DE ANTICIPO DE SUBVENCIÓN

ANEXO IV MODELO DE MEMORIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE MANTEMENTO DE TAXI ADAPTADO DESTINADOS AO TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA. EXERCICIO 2025.

DATOS DO/DA SOLICITANTE.

NOME:

APELLIDOS:

DNI:

DATA NACEMENTO:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

E-MAIL

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

NOME:

APELLIDOS:

DNI:

DATA NACEMENTO:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

E-MAIL

DATOS RELATIVOS ÁO VEHÍCULO TAXI PARA O QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN.

TIPO DE VEHÍCULO	MATRICULA	NÚM. LICENZA MUNICIPAL DE TAXI	Nº DE ANOS QUE LEVA PRESTANDO O SERVIZO DE TAXI ADAPTADO

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS REALIZADOS NO DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE TRANSPORTE EN TAXI ADAPTADO.

<u>RELACIÓN DE GASTOS</u>	<u>CONTÍA</u>
- Gastos de combustible	
- Gastos de mantemento de vehículo	
- Gastos de seguro	
- Outros gastos de mantemento	
<u>TOTAL</u>	

– Autorizo expresamente ao Concello de Lugo a comprobar, de oficio, a circunstancia da titularidade de vehículo taxi-adaptado e a que solicite e subministre, a través de medios informáticos, ou telemáticos os meus datos contidos en ficheiros e obter a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia Administración, doutras administracións públicas e/ou entidades privadas co obxecto de tramitar este procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican a dita cesión.

– Autorizo ao Concello de Lugo a comprobar a circunstancia de estar ao corrente nas obrigas tributarias municipais.

SOLICITO

A adxudicación dunha subvención para sufragar gastos de mantemento do taxi adaptado destinado ao transporte público de persoas con mobilidade reducida durante o exercicio económico vixente.

Lugo, de de 2025

Sinatura da persoa solicitante ou representante legal.

DOCUMENTACIÓN XERAL A PRESENTAR POLA PERSOA SOLICITANTE:

- Copia do DNI/NIE da persoa solicitante ou da persoa representante legal.
- Copia da licenza de taxista.
- Xustificación documental da prestación do servizo de taxi adaptado.
- Declaracións xuradas (ANEXO II)
- Certificación bancaria para os efectos de ingreso de ser beneficiario/a
- Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

D./D.^a

con DNI núm.

A.- COMO SOLICITANTE

B.- COMO REPRESENTANTE LEGAL DE D./D.^aDECLARO RESPONSABLEMENTE:

1. Que (si ou non) solicitei e recibín subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

☐ SI *☐ NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2025, o/a que subscribe solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO.

2. Que a actividade para a que solicito subvención, servizo de transporte público en taxi adaptado para persoas con mobilidade reducida, se vai efectuar nos termos establecidos nas bases xerais.

3. Que estou ao corrente no cumprimento das miñas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia e fronte á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente demostrando este extremo coa presente declaración responsable.

4. Que non estou inhabilitada/o nen estou incurso/o en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5. Que non teño relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6. Que me comprometo a cumprir coas obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro e no artigo 11 da Ordenanza Municipal de Subvencións.

Lugo, ____ de _____ de 2025.

(DNI, NIE, sinatura do/da solicitante ou representante legal)

Asdo.: _____

ANEXO III

MODELO DE SOLICITUDE DE ANTICIPO DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE MANTEMENTO DE TAXI ADAPTADO

D./D.^a _____ provista/o do NIF nº _____
con enderezo en _____

EXPOÑO

Que presente solicitude de subvención dentro da convocatoria de subvencións para o mantemento de taxi adaptado destinado ao transporte público de persoas con mobilidade reducida.

SOLICITO o aboamento do anticipo a conta do 50% do importe total adxudicado e DECLARO RESPONSABLEMENTE, o seguinte:

1. Non solicitei a declaración de concurso voluntario nin fun declarado insolvente en procedemento ningún, nin en concurso, (agás que neste adquirira a eficacia dun convenio, estean suxeitos a intervención xudicial ou fosen inhabilitados conforme ao Real Decreto Lexislativo 1/2020, do 5 de maio polo que se aproba o Texto Refundido da Lei concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso).

2. Non son debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non teño pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada unha resolución de reintegro de axuda pública.

Lugo, a _____ de _____ de 2025

Asdo.:

ANEXO IV

MODELO DE MEMORIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

D./D.^a

NIF. nº:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1. Que durante este exercicio económico e con cargo á subvención concedida se realizaron
(especificar número de viaxes realizadas co vehículo (marca e modelo)
con matrícula provisto da licenza municipal de taxi do Concello de Lugo núm. .
2. Que o gasto realizado no mantemento de taxis adaptados destinados ao transporte público de persoas con
movilidade reducida. Exercicio 2025 ascende á cantidade total de: €

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES EFECTUADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN
SUBVENCIONADA:

Relación de viaxes realizados	Acreeedor	Importe

3. Que (si ou non) recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou
internacionais para a mesma finalidade.
- ☐ SI *
- ☐ NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2025 solicitei/recibín outra subvención (indicar
procedencia e contía):

SUBVENCION SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA

SUBVENCION RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO

4. A actividade para a cal se concedeu a subvención se efectuou nos termos establecidos nas bases xerais da convocatoria.

5. Que a persoa abaixo asinante se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, o cal acredito coa presentación das correspondentes certificacións e **AUTORÍZOLLE ao Concello de Lugo para os efectos de levar a cabo as comprobacións correspondentes** co Concello de Lugo.

6. Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron, nin serán presentadas –na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo– como xustificación de subvención pública ou privada ningunha.
- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.
- Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.
- A actividade para a que se concedeu subvención efectuouse nos termos solicitados.

Lugo, ____ de _____ de 2025

(DNI, sinatura da persoa solicitante ou da autorizada.)

Asdo.: _____

CUARTO.- O texto destas bases publicárase integramente no Boletín Oficial de Provincia de Lugo (BOP), no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Lugo. A publicación da convocatoria no BOP será a data para ter en conta para os efectos de presentación de solicitudes,

QUINTO.- Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.
- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer ante a Xunta de Goberno Local o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas (BOE núm. 236, de 02/10/2015), no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

Lugo, 4 de novembro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social, D.^a Olga López Racamonde.

R. 3069

PARADELA

Anuncio

O Pleno do Concello en sesión extraordinaria realizada o día 29 de outubro de 2025 aprobou inicialmente a modificación de créditos nº 25/2025, de suplemento de crédito nº 04/2025, financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría por importe de 125.000,00€.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Paradela, 31 de outubro de 2025.- A alcaldesa-presidenta, María Montserrat Mulet Sar.

R. 3070

O SAVIÑAO

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución de Alcaldía núm. 2025/0369, de data 31 de outubro de 2025, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondentes ao mes de setembro de 2025, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias de Servizos Sociais do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, art. 22 da ordenanza reguladora municipal do SAF e art. 5 da ordenanza do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao, 31 de outubro de 2025.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 3044

XOVE

Anuncio

Por Decretos de Alcaldía nº 2025-1905 e 2025-1906 de data 30 de setembro de 2025, aprobáronse inicialmente os Padróns do Prezo Público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar nas modalidades de Libre Concorrenza e Dependencia, respectivamente, correspondentes ao mes de setembro de 2025.

Por medio do presente ponse no coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago, que dispoñen de un prazo de vinte días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto do seu exame e presentación das reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevado a definitivo se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se tivese formulado ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o mesmo poderase interpoñer o recurso de reposición no prazo de un mes dende a publicación o presente anuncio.

PERÍODO DE COBRO

De conformidade co disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario o comprendido entre os días 03 de novembro de 2025 ata 03 de xaneiro de 2026; o ingreso efectuarase mediante domiciliación bancaria tal e como se establece no artigo 7 do vixente Acordo Regulador.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo, esixíndose as débedas polo procedemento de constrinximento, reportando o recargo de constrinximento, xuros de demora e, no seu caso, as costas que se produzan.

O presente anuncio, en ámbolos dous supostos de anuncio de exposición ao público do Padrón e período de cobro en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro.

Xove, 30 de outubro de 2025.- O alcalde, José Demetrio Salgueiro Rapa.

R. 3045

MINISTERIO DE FACENDA

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCÍONS (BDNS) - LUGO

Anuncio

EXTRACTO DO ACORDO Nº 9/436 ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN SESIÓN CELEBRADA O 29/10/2025 POLO QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS E O GASTO PARA BOLSAS DE AXUDAS ECONÓMICAS INDIVIDUAIS PARA PERSOAS CON TALENTO DEPORTIVO-EXERCICIO 2025.

BDNS (Identif.): 865908

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/865908>)

OBXECTO DA CONVOCATORIA:

Bolsas de axudas económicas en réxime de concorrencia competitiva, para deportistas individuais con talento que ao longo da tempada 2024 destacaran pola súa participación en eventos deportivos con resultados relevantes, a nivel autonómico ou nacional, co fin de apoiar a promoción, práctica e mellora do rendemento deportivo nas respectivas modalidades, así como a valoración do esforzo académico, de conformidade co disposto na Lei 38/03, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/07, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Excmo. Concello de Lugo.

CONTÍA E CRÉDITO ORZAMENTARIO:

Esta convocatoria conta con crédito orzamentario de 26.000,00 euros, e convócanse con cargo á aplicación orzamentaria 34100.48100.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

10 DÍAS HÁBILES, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP.

Lugo, 31 de outubro de 2025.- O concelleiro delegado de Urbanismo, Deportes e Xuventude (Área de Xestión Integral de Recursos Internos, Urbanismo, Deportes e Xuventude), Jorge Bustos Atanasio.

R. 3046

Anuncio

Bases xerais reguladoras da convocatoria de subvencións a ONGD para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e sensibilización social no Concello de Lugo

BDNS (Identif.): 866648

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/866648>)

De conformidade co previsto no art. 17.3 b) da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva dirixidas á ONGD da Área de Cohesión Social do Concello de Lugo para o exercicio 2025.

Primeiro. Bases Reguladoras

As bases reguladoras que rexen a presente convocatoria foron aprobadas no acordo da Xunta de Goberno Local nº 12/439 do 29.10.2025. O seu texto íntegro pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>), así como na páxina web do concello (www.concellodelugo.gal).

Segundo. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto a regulación da adxudicación de subvencións a ONGD para a execución de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e proxectos de sensibilización social en Lugo.

Terceiro. Entidades beneficiarias. Requisitos

Poderán solicitar axudas para a realización de proxectos de cooperación ao desenvolvemento e sensibilización social as ONGD que reúnan todos os requisitos seguintes no día de remate do prazo de presentación das solicitudes. O incumprimento de calquera destes requisitos será causa de inadmisión da solicitude presentada previa resolución ditada ao respecto:

a) Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento creado pola Xunta de Galicia, polo menos durante 3 anos antes do día de publicación desta convocatoria.

b) Acreditar a seguinte experiencia na execución de proxectos:

Cooperación ao desenvolvemento: 3 anos no ámbito territorial de actuación para o que se solicita o proxecto e 5 anos realizando proxectos de cooperación ao desenvolvemento.

Sensibilización social: 3 anos.

c) Carecer de ánimo de lucro e non depender económica ou institucionalmente de entidades lucrativas.

d) Ter entre os seus fins institucionais expresos, segundo os seus propios estatutos, a realización de actividades relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento /sensibilización social e o fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou actividades análogas.

e) Ter xustificadas en prazo e de acordo coas bases reguladoras de cada convocatoria as subvencións concedidas, con anterioridade polo Concello de Lugo, para o cumprimento de fins análogos, durante os dous exercicios económicos anteriores.

f) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Tesourería Territorial da Seguridade Social e co Concello de Lugo, respectivamente.

g) Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario/a das subvención de conformidade co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

h) Presentar un proxecto que sexa tecnicamente viable.

i) Ter sede, domicilio social ou delegación permanente na Comunidade Autónoma de Galicia e manter a entidade aberta durante a execución do proxecto e ata 1 ano despois da súa finalización.

Entenderase por delegación permanente aquela que conte con persoal da organización e local fixo onde realicen as súas actividades. Non se admitirá a referencia ao domicilio dunha persoa socia ou representante da entidade da mesma como domicilio social.

Esta circunstancia deberá ser xustificada documentalmente pola entidade solicitante podendo o concello realizar de oficio as comprobacións pertinentes para verificar o cumprimento deste requisito.

A delegación permanente asumirá a responsabilidade directa na presentación da solicitude e comprometerase ao mantemento da documentación, á contabilidade e coexistión do proxecto.

j) Que nos proxectos de cooperación ao desenvolvemento se identifiquen as contrapartes ou socios locais que participen responsablemente na execución material do proxecto e na xestión dos recursos, contando expresamente o seu compromiso no proxecto.

Cuarto. Contía das subvencións

No orzamento municipal do ano 2025 existe consignación na aplicación orzamentaria 23179.78000 (RC 58213) importe: 40.000 € destinados a gastos de investimento dos proxectos de cooperación e 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900 (RC58189) con destino a gastos correntes dos proxectos de sensibilización social.

Quinto: Criterios de valoración e contía da subvención

A adxudicación ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica efectuarase tendo en conta os criterios establecidos nas bases da convocatoria. O seu texto íntegro pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS); (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) así como na páxina web do concello (<https://concellodelugo.gal>).

Sexto. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse, consonte o disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (<https://lugo.gal>) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo establece o art.16.4a) do mesmo texto legal, con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa subsanación a través da presentación electrónica da solicitude. A estes efectos, segundo indica textualmente o texto legal considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a subsanación".

O prazo para presentar as solicitudes será de QUINCE DIAS HÁBILES, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8).

Sétimo. Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será o 30 de xuño de 2026 no referente aos proxectos de sensibilización e o 30 de setembro de 2026 no referente aos proxectos de cooperación.

Lugo, 4 de novembro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social, D.^a Olga López Racamonde.

R. 3082

Anuncio

BASES XERAIS REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA DESPRAZAMENTO EN TAXI ADAPTADO DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE FÍSICA E MOBILIDADE REDUCIDA RECOÑECIDA

BDNS (Identif.): 866699

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/866699>)

Extracto do acordo nº 10/437, do 29.10.2025 da Xunta de Goberno Local polo que se aproba a convocatoria pública de subvencións individuais para desprazamento en taxi adaptado de persoas con discapacidade física e mobilidade reducida recoñecida. (exercicio económico 2025)

De conformidade co previsto no art. 17.3 b) da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para desprazamento en taxi adaptado da Área de Cohesión Social do Concello de Lugo, exercicio 2025.

Primeiro. Bases Reguladoras

As bases reguladoras que rexen a presente convocatoria foron aprobadas no acordo da Xunta de Goberno Local nº 10/437 do 29.10.2025. O seu texto íntegro pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>), así como na páxina web do concello (www.concellodelugo.gal).

Segundo. Obxecto e finalidade

Esta convocatoria ten por obxecto regular, para o exercicio económico de 2025, a adxudicación de subvencións individuais para transporte en taxi adaptado de persoas con discapacidade física e mobilidade reducida recoñecida que cumpran cos requisitos esixidos nas presentes bases.

Terceiro. Persoas beneficiarias. Requisitos

As persoas beneficiarias deberán cumprir todos os requisitos do art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, a maiores, todos os seguintes que deberán cumprirse na data de remate de presentación de solicitudes e manterse ao longo de todo o período de execución da actividade subvencionada.

1. Ter cumprida unha idade mínima de 4 anos.
2. Estar empadroado/a no Concello de Lugo cunha antigüidade mínima de 1 ano con anterioridade á data de presentación da solicitude e durante a percepción desta.
3. Ter recoñecida unha discapacidade física permanente igual ou superior ao 33 % ou ben sexan pensionistas da Seguridade Social por ter recoñecida unha pensión de incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez e ter recoñecida a mobilidade reducida.

Para os efectos desta convocatoria e segundo o baremo de valoración de discapacidades aprobado polo Real decreto 1971/1999, do 23 de decembro, considérase que unha persoa ten mobilidade reducida cando no ditame técnico facultativo que acompaña ao certificado do grao de discapacidade, no apartado relativo á existencia de dificultades para utilizar transportes colectivos, consta algunha das seguintes circunstancias:
 - a) a persoa valorada está incluído no apartado A (usuario en cadeira de rodas) ou apartado B (depende absolutamente de dous bastóns para deambular).
 - b) a persoa valorada obteña unha puntuación como mínimo de 7 puntos.
4. Non ser propietario/a de vehículo nin a persoa solicitante nin ningún membro da unidade de convivencia agás que se xustifique que o vehículo non está adaptado.
5. Para as persoas que traballen, non ter recoñecido este beneficio por convenio colectivo, contrato laboral ou calquera outro título acreditativo do dito beneficio.
6. Non dispor duns recursos económicos persoais superiores a 2,25 veces o IPREM vixente, 12 pagas (16.200,00 € ano 2025).
7. Estar ao corrente no cumprimento nas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Xunta de Galicia, coa Dirección Territorial do Instituto Nacional da Seguridade Social e co Concello de Lugo.
8. Ter regulamentariamente xustificadas as subvencións concedidas, con anterioridade polo Concello de Lugo, para o cumprimento de fins análogos, durante os dous exercicios económicos anteriores.
9. Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario/a das subvencións de conformidade co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
10. Ter solicitada a axuda de transporte sanitario facilitada polo SERGAS, cando o desprazamento veña motivado por razóns de saúde e sexa facilitado por este organismo. Esta comprobación e verificación levarase a cabo pola unidade xestora e realizarase no prazo de xustificación, comportará a perda da axuda municipal no caso de non terse solicitado ou terse concedida a través do SERGAS.
11. Non ter dereito a este servizo a través de ISFAS, MUFACE ou outra entidade.

O incumprimento de calquera destes requisitos será causa de inadmisión da solicitude presentada ditándose a correspondente resolución que será notificada á persoa solicitante.

Cuarto. Contía das subvencións

No orzamento municipal para o exercicio de 2025 existe consignación orzamentaria na aplicación 23179.48900 RC58187/2025. Importe: 5.000 €.

Quinto. Criterios de valoración e contía da subvención

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica efectuarase tendo en conta os criterios establecidos nas bases da convocatoria. O seu texto íntegro pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS); (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) así como na páxina web do concello (<https://concellodelugo.gal>).

Sexto. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención xunto coa documentación precisa, presentaranse dacordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, (LPACAP) por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (<https://lugo.gal>) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o disposto no art.16.4 LPACAP.

O prazo para presentar as solicitudes será de QUINCE DÍAS HÁBILES contados dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo publicaranse as bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), no taboleiro electrónico municipal e no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Lugo.

Sétimo. Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a 01.01.2026.

Lugo, 4 de novembro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social, D.^a Olga López Racamonde.

R. 3083

Anuncio

Convocatoria pública de subvencións dirixidas ao mantemento de taxi adaptado destinados ao transporte público de persoas con mobilidade reducida (exercicio económico 2025)

BDNS (Identif.): 866721

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/866721>)

Extracto do acordo nº 11/438, do 29.10.2025 da Xunta de Goberno Local polo que se aproba a convocatoria pública de subvencións dirixidas ao mantemento de taxi adaptado destinados ao transporte público de persoas con mobilidade reducida recoñecida, autorización do gasto e apertura de convocatoria pública (EXERCICIO 2025).

De conformidade co previsto no art. 17.3 b) da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria de subvencións en réxime de concorrència competitiva da Área de Cohesión Social do Concello de Lugo, para o exercicio 2025.

Primeiro. Bases Reguladoras

As bases reguladoras que rexen a presente convocatoria foron aprobadas no acordo da Xunta de Goberno Local nº 11/438 do 29.10.2025. O seu texto íntegro pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>), así como na páxina web do concello (www.concellodelugo.gal).

Segundo. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto regular a adxudicación de subvencións, en réxime de concorrència competitiva, ás persoas titulares de licenzas de taxi en vigor e que estén prestando o servizo de transporte público en taxi adaptado no Concello de Lugo para o financiamento parcial de gastos de mantemento dos seus vehículos. Todo isto coa finalidade de garantir a prestación do servizo de transporte público ás persoas con mobilidade reducida para o exercicio económico de 2025.

Terceiro. Persoas beneficiarias. Requisitos.

As persoas beneficiarias deberán cumprir os requisitos do art 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións. A maiores, deberán cumprir os requisitos que a continuación se relacionan, os cales deberán

cumprirse na data de remate de presentación de solicitudes e manterse ao longo de todo o período de execución da actividade subvencionada.

1. Ser titular dun vehículo adaptado para o transporte de persoas con mobilidade reducida ou discapacidade (taxi adaptado).
2. Ser titular dunha licenza de taxi dentro do termo municipal do Concello de Lugo.
3. Prestar o servizo de transporte en taxi adaptado a persoas con mobilidade no termo municipal do Concello de Lugo.
4. Ter xustificadas as subvencións anteriormente outorgadas polo Concello da Lugo, agás que non transcorrese o correspondente prazo de xustificación.
5. Non estar incurso nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
6. Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Xunta de Galicia, coa Dirección Territorial do Instituto Nacional da Seguridade Social e co Concello de Lugo.
7. Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

Cuarto. Contía das subvencións

No orzamento municipal para o exercicio de 2025 existe consignación orzamentaria na aplicación 23179.48900 RC58188/2025. Importe: 14.000 €.

Quinto: Criterios de valoración e contía da subvención

A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica efectuarase tendo en conta os criterios establecidos nas bases da convocatoria. O seu texto íntegro pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS); (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>) así como na páxina web do concello (<https://concellodelugo.gal>).

Sexto. Forma e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes de subvención xunto coa documentación precisa, presentaranse dacordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, (LPACAP) por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (<https://lugo.gal>) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o disposto no art.16.4 LPACAP.

O prazo para presentar as solicitudes será de QUINCE días hábiles contados dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo publicaranse as bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na páxina web do Concello de Lugo (<http://concellodelugo.gal>), no taboleiro electrónico municipal e no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Lugo.

Sétimo. Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a 01.01.2026.

Lugo, 4 de novembro de 2025.- A tenenta de alcalde delegada da Área de Cohesión Social, D.^a Olga López Racamonde.

R. 3084